

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA EN DATA 22 DE MARZO DE 2021

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Ángel Alvariño Saavedra (PSG-PSOE)

Sres./as. Concelleiros/as:

D^a. Ana Rosa Pena Barcia (PSG-PSOE)

D. Gonzalo Ferreiro Rego (*ídem*)

D^a. Verónica Vigo Santamariña (*ídem*)

D. Ángel Salvador García Cordero (*ídem*)

D^a. Ángeles Puentes Maceiras (*ídem*)

D. Eduardo Rodríguez Rey (*ídem*)

D^a. Soraya María Fernández Leal (*ídem*)

D. José Manuel Sanmartín Fornos (*ídem*)

D. Eduardo José Pereira Arnosó (PP)

D. Roberto Rey Fernández (*ídem*)

D^a. Cristina Bouza Bellón (BNG-G. Mixto)

D. Juan Carlos Pita Galego (MOVENEDA-G. Mixto)

Na Casa da Cultura da Vila de Neda, sendo as doce horas e seis minutos do día vinte e dous de marzo de dous mil vinte e un, convocado en forma regulamentaria, reúnese en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Ángel Alvariño Saavedra, en sesión de carácter ordinario, o Pleno do Concello, ao cal asisten os concelleiros e concelleiras que na marxe se relacionan, que son todos os integrantes da Corporación. Actúa como Secretario o titular deste Concello de Neda, D. Alejandro R. Antelo Martínez, asistindo tamén a Interventora desta entidade, D^o. Sonia Lorenzo Barbeito.

Sendo a hora sinalada e co *quórum* regulamentario a Presidencia acorda dar comezo á sesión, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na orde do día cursada xunto coa convocatoria, adoptándose, en relación cos mesmos, os acordos que pola mesma orde se pasan a consignar.

Previamente, a Presidencia xustifica a realización da sesión plenaria na Casa da Cultura en lugar de celebrarse no Salón de Sesións, co obxecto de cumprir os protocolos de seguridade e saúde establecidos como consecuencia da pandemia covid-19.

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA DE 25/01/2021

O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, presta aprobación a acta da sesión.

2º.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DO 02/2021 AO 13/2021

O Pleno toma coñecemento dos citados Decretos, copia dos cales quedan a disposición dos corporativos.

3º.- APROBACIÓN DE ORZAMENTOS ANO 2021

Dáse conta do anteproxecto dos orzamentos de gastos e ingresos para o ano 2021, ditaminado pola Comisión Informativa de Facenda e Contas en sesión de 17/03/2021. A vista do mesmo, propónse a adopción do seguinte acordo:

“PRIMEIRO.-*Aprobar inicialmente o Orzamento deste concello para o exercicio 2021 que ascende, nivelado en gastos e ingresos, á cantidade de CATRO MILLONS OITOCENTOS UN MIL SETECENTOS TRINTA E SEIS EUROS CON TRINTA E OITO CENTIMOS-(4.801.736,38 €) segundo o seguinte resumo por capítulos:*

- ESTADO DE GASTOS –

CAP.	DENOMINACION	EUROS
	A) OPERACIONES CORRENTES.	
1	<i>Gastos de persoal.</i>	1.216.691,64
2	<i>Gastos en bens correntes e de servicios.</i>	3.058.412,35
3	<i>Gastos financeiros.</i>	4.000,00
4	<i>Transferencias correntes.</i>	248.671,54
	B) OPERACIONES DE CAPITAL.	
6	<i>Investimentos reais.</i>	244.960,85
7	<i>Transferencias de capital.</i>	5.000,0
8	<i>Activos financeiros.</i>	24.000,00
9	<i>Pasivos financeiros.</i>	
	SUMA TOTAL DOS GASTOS.	4.801.736,38

- ESTADO DE INGRESOS -

CAP	DENOMINACION	EUROS
	A) OPERACIONES CORRENTES.	
1	<i>Impostos directos.</i>	1.275.066,89
2	<i>Impostos indirectos.</i>	40.000,00
3	<i>Taxas e outros ingresos.</i>	919.068,84
4	<i>Transferencias correntes.</i>	2.407.374,87
5	<i>Ingresos patrimoniais.</i>	100,00
	B) OPERACIONES DE CAPITAL.	
6	<i>Enaxenación de investimentos reais.</i>	
7	<i>Transferencias de capital.</i>	136.125,78
8	<i>Activos financeiros.</i>	24.000,00
9	<i>Pasivos financeiros.</i>	

SUMA TOTAL DOS INGRESOS.	4.801.736,38
---------------------------------	---------------------

SEGUNDO.-*Aprobar, así mesmo, o cadro de persoal, a relación de postos de traballo e as Bases de Execución do citado Orzamento.*

TERCEIRO.-*Ordenar a correspondente tramitación para a efectividade deste acordo consonte coas normas establecidas, e polo tanto que se expoña ó público aos efectos de exame polos interesados e, no seu caso presentación das reclamacións, por un prazo de quince días hábiles contados a partir do día seguinte ao da inserción do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, considerándose definitivamente aprobado si durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas, todo elo como establece o Art. 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.”*

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, con 9 votos a favor dos Sres. Concelleiros de PSdeG-PSOE, 3 votos en contra dos Sres. Concelleiros de PP e MOVENEDA, e 1 abstención da Sra. Concelleira de BNG, presta aprobación á transcrita proposta, quedando convertida en acordo.

DEBATE: ficheiro resultante da gravación audiovisual da sesión.

4º.- EXPEDIENTE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 6/2021

ASUNTO: RECOÑECIMIENTO DE OBRIGAS PROCEDENTES DE EJERCICIOS ANTERIORES CON CARGO AO ORZAMENTO DO ANO 2018, PRORROGADO AO EJERCICIO 2021 (EXPEDIENTE Nº 6/2021 RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS)

Nº EXPEDIENTE EN TEDEC: 2021/T003/000011

PROPOSTA DA ALCALDÍA (DITAMINADA POLA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E CONTAS EN SESIÓN DE 17/03/2021)

Tendo en conta o contido da providencia ditada pola Alcaldía e que inicia este expediente, e que pon de manifesto o feito de que durante a segunda quincena do mes de xaneiro, e cando xa se pechara o expediente de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos aprobado no Pleno ordinario celebrado no mes de xaneiro, entraron de novo no concello facturas correspondentes a servizos e/ou suministros que se produciron no ano pasado, pero o proveedor non as enviou ata este exercicio. Consecuencia disto, non foi posible levar a cabo a súa imputación ao dito orzamento, e tampouco (dada a falta dun compromiso de gasto previo) foi posible aprobar estes gastos mediante acordo da Xunta de Goberno Local.

Considerando que en aplicación do principio de anualidade orzamentaria, a cada exercicio impútanse os gastos que se produciron no mesmo, sen máis excepcións que as contempladas na normativa sobre facendas locais; e dado que entre tales excepcións atópase a posibilidade de aplicar aos créditos do orzamento corrente, no momento do seu recoñecemento, as obrigas procedentes de exercicios anteriores e relativas aos expedientes de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos, como é este o caso; iniciouse por parte desta

Alcaldía e a través dunha providencia de inicio (á que me remito) o correspondente expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos.

Tendo en conta o informe emitido ao efecto pola interventora municipal, e co fin de evitar prexuízos económicos para o concello derivados do incumprimento dos prazos máximos de pago, e dado que se trata de gastos nos que efectivamente se incurriu no exercicio anterior, pero que non puideron ser aplicados ao exercicio anterior por non ser presentados polo proveedor,

E dado que neste caso a aprobación destas facturas corresponde ao Pleno Municipal como consecuencia do desfase temporal que se produce, tendo en conta o principio de anualidade orzamentaria regulado no TRLRFL e no Real decreto 500/1990; propónse entón ao Pleno Municipal a adopción do seguinte acordo:

“1.-Aprobar un expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos para aprobar as facturas incluídas no anexo a esta proposta, na relación EXPEDIENTE RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS 6/2021, por un importe total de 7.084,13€.

2.-A aprobación de tales facturas levarase a cabo con cargo ao orzamento deste exercicio.

3.-Que a aprobación deste gasto dea lugar ás anotacións contables e orzamentarias que legalmente xeneren, continuándose co procedemento, unha vez recoñecidas as obrigas polo Pleno Municipal, segundo o reparto de competencias vixentes no concello.”

ANEXO Á PROPOSTA DE ALCALDÍA: RELACIÓN DE FACTURAS INCLUÍDAS EN EXPEDIENTE N.º 6/2021 RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS

Aplicación		Nombre	Texto Explicativo	Importe
330	22602	AGENCIA AUDIOVISUAL GALLEGA DE COMUNICACION S.L.	PUBLICIDADE /CENSATE EN NEDA/	1.815,00
912	22602	CADENA COPE	PUBLICIDADE CONCELLO DE NEDA	1.815,00
450	22699	JOSE NO MANTIÑAN E HIJOS	POR MATERIAIS REPARACION CAMIÑOS	1.012,81
920	22706	SECURITAS DIRECT ESPAÑA S.A.U	REGULARIZACION COTA XULGADO DE PAZ	330,33
920	22706	SECURITAS DIRECT ESPAÑA S.A.U	REGULARIZACION COTA XULGADO DE PAZ	566,28
920	22706	SECURITAS DIRECT ESPAÑA S.A.U	REGULARIZACION COTA XULGADO DE PAZ	566,28
920	22706	SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA S.A.	OBRAS NOVO ACCESO PORTA CONCELLO	150,66
1621	22799	TALLERES RODRIGUEZ TRIGO	REPARACION VEHICULO RECOLLIDA LIXO C-4789-CH	827,77
			TOTAL.....	7.084,13

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, con 9 votos a favor dos Sres. Concelleiros de PSdeG-PSOE, e 4 abstención dos Sres. Concelleiros de PP, BNG e MOVENEDA, presta aprobación á transcrita proposta.

DEBATE: ficheiro resultante da gravación audiovisual da sesión.

5º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO DA ESCOLA INFANTIL DE NEDA PARA INCLUIR A BONIFICACIÓN PARA SEGUNDOS/AS FILLOS/AS E SUCESIVOS/AS

PROPOSTA DA ALCALDÍA (DITAMINADA POLA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E CONTAS EN SESIÓN DE 17/03/2021)

ASUNTO: *MODIFICACIÓN ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO DA ESCOLA INFANTIL DE NEDA PARA INCLUIR A BONIFICACIÓN PARA SEGUNDOS/AS FILLOS/AS E SUCESIVOS/AS*

EXPEDIENTE TEDEC Nº: 2021/G016/000002

Tendo en conta o establecido no artigo 23.Seis da Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, que engade unha disposición adicional novena á Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, co obxecto de conseguir a gratuidade da atención educativa nas escolas infantís de 0-3 anos para segundos/as fillos/as e sucesivos/as, e visto que no seu punto segundo resulta aplicable ás entidades locais titulares de escolas infantís de 0-3 anos,

Considerando que existen razóns de interese público que permiten fixar a cuantía deste prezo público por debaixo do límite do custo do servizo, dado que son claras as razóns de tipo social, de facilitar a conciliación da vida laboral e persoal das familias e como estímulo para tratar de fixar poboación no noso concello,

Esta Alcaldía PROPÓN ao Pleno Municipal, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar inicialmente a modificación do artigo 7 da Ordenanza reguladora do prezo público da escola infantil municipal de Neda, de xeito tal que se introduce unha bonificación máis:

-Ao/á segundo/a fillo/a e sucesivos/as da unidade familiar matriculados na Escola Infantil Municipal se lles aplicará unha bonificación do 100%.

Segundo: De acordo co previsto no artigo 17 do TRLRFL esta anuncio de aprobación provisional sométase a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, mediante anuncio no BOP, taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello, a contar dende a inserción no BOP, para que os/as interesados/as poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Terceiro: De non presentarse reclamacións este acordo provisional entenderase definitivamente aprobado sen necesidade de novo acordo plenario, entrando en vigor unha vez se publique definitivamente o texto completo da modificación aprobada no BOP.

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade presta aprobación á transcrita proposta.

DEBATE: ficheiro resultante da gravación audiovisual da sesión.

6º.- SUSPENSIÓN DE APLICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON MESAS E CADEIRAS CON FINALIDADE LUCRATIVA

PROPOSTA DA ALCALDÍA (DITAMINADA POLA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E CONTAS EN SESIÓN DE 17/03/2021)

ASUNTO: SUSPENSIÓN APLICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON MESAS E CADEIRAS CON FINALIDADE LUCRATIVA

EXPEDIENTE TEDEC N°2021/G016/000001

Sendo consciente este equipo de goberno da situación provocada pola COVID-19 e que afecta a tantos sectores da nosa sociedade, é a nosa intención poñer todos os medios necesarios para intentar paliar os efectos negativos en todos os sectores afectados.

Un de tales sectores é o da hostalaría, ao que os peches e limitacións de mobilidade existentes poñen nunha situación difícil para tratar de garantir a súa continuidade e o mantemento dos postos de traballo. O obxectivo é pois mitigar, dentro das competencias municipais, o impacto económico xenerado pola pandemia na hostalaría do municipio.

Dadas as limitacións actuais e co fin de que os locais de hostalaría poidan aproveitar a posibilidade de servir en terrazas, cumprindo as normas establecidas polas autoridades sanitarias, é intención do equipo de goberno que durante o que resta de exercicio se suspenda a aplicación desta ordenanza fiscal.

Por todo isto, como medida de apoio á hostalaría local, e co fin de dar cumprimento á normativa reguladora das facendas locais,

Esta Alcaldía PROPÓN á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar inicialmente unha modificación da Ordenanza Fiscal nº 15 reguladora da taxa pola ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras con finalidade lucrativa, introducindo unha disposición transitoria primeira que quedaría redactada do seguinte xeito:

Segundo: De acordo co previsto no artigo 17 do TRLRFL esta anuncio de aprobación provisional sométase a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, mediante anuncio no BOP, taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello, a contar dende a inserción no BOP, para que os/as interesados/as poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Terceiro: De non presentarse reclamacións este acordo provisional entenderase definitivamente aprobado sen necesidade de novo acordo plenario, entrando en vigor unha vez se publique definitivamente o texto completo da modificación aprobada no BOP.

Disposición Transitoria:

Suspéndese a aplicación do importe da taxa aplicable regulado no artigo 6 da presente ordenanza durante todo o exercicio 2021 como consecuencia da situación actual provocada pola pandemia da COVID-19, e a

declaración do estado de alarma aprobado polo Real Decreto 926/2020, de 25 de outubro, e actualmente prorrogado ata o 09/05/2021 polo Real Decreto 956/2020, de 3 de novembro.

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade presta aprobación á transcrita proposta.

DEBATE: ficheiro resultante da gravación audiovisual da sesión.

7º.- MODIFICACIÓN PARCIAL DA RPT PARA A CREACIÓN DUN POSTO DE TRABALLO, A MODIFICACIÓN DE OUTRO, E A AMORTIZACIÓN DE DOUS

Por parte de JL TUDÓ CONSULTORÍA EN ORGANIZACIÓN, contratada ao efecto por este Concello, elaborouse proposta de modificación puntual da relación de postos de traballo, para a creación dun posto de traballo, a modificación de outro, e a amortización de dous.

A proposta someteuse á Mesa xeral de negociación, e tras a preceptiva reunión de este órgano, someteuse a ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, en sesión ordinaria de 17/03/2021.

De acordo co preceptuado no artigo 202 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

- 1º.- Aprobar inicialmente a modificación puntual da relación de postos de traballo, nos termos que figuran como anexo.
- 2º.- Someter o acordo a información pública por prazo de vinte días mediante inserción de anuncio no Boletín Oficial da Provincia.
- 3º.- De non producirse alegacións no trámite de información pública elevarase a definitiva a aprobación ate entón inicial.

ANEXO

Modificación puntual da Relación de
Postos de Traballo

Concello de



NEDA

Modificación da RPT municipal para a creación dun posto de traballo, a modificación de outro e a amortización de dous.

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	4
2. ORGANIGRAMA MUNICIPAL	8
3. FICHAS DESCRIPTIVAS DOS POSTOS	11
4. CAMBIOS NA RPT.....	14

1. INTRODUCCIÓN

O Concello de Neda como Entidade de carácter territorial é titular, entre outras potestades, da autoorganización (artigo 4 da Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local). Esta potestade configúrase como unha potestade discrecional da Administración. En materia organizativa o Concello goza dun amplo poder que lle permite configurar as unidades e servizos dos que está dotada para o cumprimento da súa misión, con liberdade e sen máis límites que o respecto da legalidade e a sumisión ao interese público. Neste senso a xurisprudencia do Tribunal Supremo afirmou de modo reiterado que a “potestade autoorganizativa que atribúe a estas a facultade de organizar os servizos na forma que estime máis conveniente para a súa maior eficacia, á que lle compete o mandato contido no artigo 103.1 da CE, sen trabas derivadas do mantemento de formas de organización que haxan podido amosarse menos adecuadas para a satisfacción dese mandato, potestade de autoorganización nas que a característica da discrecionalidade que domina o seu exercicio, ...)” (STS do 17 de novembro de 1997, sentenza do 2 de febreiro de 2000 e do 20 de setembro de 2000, etc, entre outras). A eficacia como principio constitucional esixe e impón a organización dos servizos conforme a este principio. Ou expresado noutros termos, o Concello non é libre de non organizar os servizos e unidades como queira senón conforme, entre outros principios, ao de eficacia.

O TSX de Navarra en sentenza do 6 de novembro de 2003, afirmou que a “configuración da plantilla orgánica entra dentro da potestade de autoorganización de servizos que corresponde a Administración”, chegándose a afirmar na sentenza de 13 de setembro de 2002 deste mesmo tribunal que “na creación de prazas existe unha ampla discrecionalidade administrativa ao ser unha materia vinculada á potestade de autoorganización que corresponde á Administración, sen que os funcionarios con carácter xeral teñan dereito a esixir a constitución das mesmas”. A xurisprudencia outórgalle un amplo marxe de discrecionalidade a hora de configurar as prazas a Administración, naturalmente con suxeición a lei e os principios xerais do dereito, e polo tanto ao cadro de persoal, como instrumento que recolle todas as prazas da Administración. A configuración e concepción das mesmas debe ser a que mellor encaixe coas necesidades do servizos e as máis adecuadas para satisfacer os intereses xerais.

Na mesma liña exposta, o TSX de Castela e León de Valladolid en sentenza de 29 de marzo de 2009, afirma de modo claro e indiscutible que os entes públicos gozan de discrecionalidade a hora de confeccionar a relación de postos de traballo, que constitúe un dos instrumentos básicos por medio dos cales se leva a cabo aquela potestade de organización da Administración no réxime de función pública. Polo tanto non so se ten discrecionalidade para intervir no cadro de persoal, senón tamén na relación de postos de traballo e dos postos de traballo para os que serve.

Finalmente, insistindo Na liña exposta o TSX de Andalucía de Granada en sentenza do 30 de maio de 2011, afirmou:

“La xurisprudencia tiene declarada que la aprobación de la Relación de Puestos de Trabajo implica por parte de la administración, el ejercicio de su potestad autoorganizativa, la cual es incondicional y sus efectos se regulan por lo que determina el Ordenamiento Jurídico, habiendo reconocido reiteradamente el Tribunal Supremo como indiscutible, la potestad doméstica de la administración de organizar los servicios a su cargo en la forma que estime más conveniente a los intereses públicos, siempre que no se menoscabe el derecho ya adquirido por los funcionarios.

En este ámbito la actuación de la administración ha de relacionarse con sus facultades de autoorganización, que conectan con su discrecionalidad técnica", en cuyo ejercicio se ha reconocido un alto grado de autonomía a los técnicos intervinientes en la valoración y clasificación de los puestos de trabajo para actuar conforme a sus criterios técnicos y razones de racionalización, pues no en vano, dicha potestad discrecional comporta la posibilidad de optar entre los dos o más soluciones todas ellas igualmente válidas según la Ley.

Así las Relaciones de Puestos de Trabajo son concebidas en nuestro ordenamiento como el instrumento técnico a través del cual se realiza la ordenación del personal, de acuerdo con las necesidades de los servicios y se fijan los requisitos para el desempeño de cada puesto"; tienen naturaleza normativa, atendiendo su valor ordinamental y las notas de generalidad, creación y permanencia, que en ellos concurren, diferenciándolas de los actos con destinatario plural e indeterminación pero carentes de contenido normativo.

En este sentido se ha de reconocer al órgano administrativo correspondiente de un alto grado de discrecionalidad dentro, naturalmente, de los parámetros legales que definen sus límites, pues en todo caso dicha discrecionalidad, al estar presidida por la idea de buen servicio de

interés general; y la potestad autoorganizativa de las administraciones públicas, atribuye a ésta la facultad de reorganizar los servicios en la forma que estime más conveniente para su mayor eficacia, a la que le compete el mandato contenido en el artículo 103.1 de la Constitución (LA LEY 2500/1978), sin trabas derivadas del mantenimiento de formas de organización que hayan podido mostrarse menos adecuadas para la satisfacción de dicho mandato, potestad de autoorganización en la que es característica la discrecionalidad que domina si bien no puede confundirse con la arbitrariedad, siempre prohibida, ha tenido ocasión de señalar la jurisprudencia que la administración está facultada por el ordenamiento jurídico para modificar, unilateralmente, la normativa estatutaria del funcionario, frente a cuyo poder organizativo no se puede esgrimir con éxito otros derechos sino los que y por consolidación, hayan alcanzado la condición de adquiridos comprendiendo el concepto los de orden económico y los relativos al contenido de la función a realizar; como destaca la jurisprudencia del Tribunal Supremo, la relación funcional es el resultado de un acto condición" por virtud del cual el funcionario queda sujeto a un estatus legal, reglamentario, sometido en cualquier momento a la facultad innovadora de la administración (STS de 27-07-86)".

O exposto, tradúcese en que o Concello esta obrigado e facultado para modificar as estruturas organizativas da súa organización, modificando o cadro de persoal e a relación de postos de traballo, cando o interese xeral así o esixe como manifestación da súa potestade discrecional de autoorganización.

O alcance da potestade de autoorganización foi posta de releve polo TSX da nosa Comunidade Autónoma en sentenza do 21 de xaneiro de 2004, que sinala que *“O alcance da potestade de autoorganización, en síntese, alude ao conxunto de poderes dunha autoridade pública para a ordenación dos medios persoais, materiais e reais que se lle encomenden con obxecto de que sexa posible o exercicio de determinadas competencias e potestades públicas, entrando de cheo no que se denominan facultades discrecionais públicas, respecto das que a xurisdicción contencioso-administrativa tan só poderá fiscalizar a adecuación, do acto ou da disposición, ao ordenamento xurídico, pero non entran a valorar os criterios de oportunidade ou conveniencia implícitos no exercicio da mesma e isto salvo, acreditación de manifesta arbitrariedade que entrañe desviación de poder, pois sometida, como toda potestade a legalidade, os poderes para ordenar a organización non poden constituír, so pretexto de que estamos ante unha facultade reconducida ao ámbito doméstico, un coto exento da sumisión ao Dereito, unha patente de curso para alterar o réxime estatutario dos*

funcionarios públicos, pois tal proceder e concepción sería contrario ao artigo 9.1 e 103.1 da CE”.

A discrecionalidade o que esixe “son motivacións suficientes, discutibles ou non, pero considerables en todo caso e non meramente dunha calidade que o faga inatacable” (SSTS de 13 de xullo de 1984, 21 de novembro de 1985, etc). A motivación da decisión administrativa é o “auténtico elemento diferenciado entre a discrecionalidade e a arbitrariedade” (STSJ de Castilla e León de 29 de marzo de 2005).

Xunto a isto, debe recordarse que a Administración ten “a posibilidade (e nos diríamos obrigación) de organizar e reorganizar os servizos da maneira máis adecuada ao interese público para lograr a maior eficiencia na organización do Concello.. dado que pretender o mantemento inalterable das unidades administrativas nalgúns momentos deseñadas, a súa organización ou a súa integración no seo da Administración resulta complementemente absurdo” (STSJ de Andalucía de Granada de 21 de outubro de 2002).

A utilización da potestade de autoorganización como potestade discrecional o único que esixe e impón é que ademais de satisfacer os intereses públicos se motive, sen necesidade dunha motivación que sexa inatacable”.

Así, co fin de corrixir estes desequilibrios e dar unha solución global e axustada ás necesidades dun municipio do tamaño que nos ocupa, estúdase a reestruturación organizativa neste documento.

Para a súa elaboración, partiuse da Relación de Postos de Traballo actualmente vixente, e aprobada no seu momento.

Por estes motivos, se propón a modificación puntual da RPT nos termos referidos nas vindeiras páxinas.

2. ORGANIGRAMA MUNICIPAL

Este apartado mostra o organigrama de áreas funcionais e postos de traballo proposto, considerado como máis apropiado para o funcionamento da entidade local.

O mesmo representa, dun modo gráfico, o desenvolvemento das áreas, servizos e unidades nas que se distribúe a actividade municipal.

Para a elaboración da proposta de estrutura municipal recollida neste documento seguíronse os criterios xerais definidos na RPT aprobada en 2011; tanto en canto á codificación dos postos de traballo como á valoración dos mesmos.

Mantense, así mesmo, a estrutura de *Departamento*, *Unidade* e *Sección* previstas pola RPT vixente.


A presente proposta de organización da estrutura municipal foi elaborada atendendo a varios criterios, a importancia dos cales é sumamente relevante á hora de definir as grandes áreas funcionais, así como para definir os servizos e unidades que as integran e, ao mesmo tempo, a misión de cada unha delas. Estes factores son os seguintes:

- Definición de Concello como entidade administrativa municipal.
- Servizos e instalacións ofertados dende o Concello.
- Demanda de servizos pola cidadanía.
- Capacidade de xestión municipal.
- Tipo e características deste (industrial, de servizos, etc.)

Os seguintes apartados recollen a distribución de responsabilidades dentro de cada unha das áreas funcionais determinadas así como os principais postos de responsabilidade destas.

ORGANIGRAMA CONCELLO DE NEDA

POSTOS AFECTADOS




LEENDA

FUNCCIONARIO

LABORAL FIJO

POSTO AFECTADO POLA MODIFICACIÓN



3. FICHAS DESCRIPTIVAS DOS POSTOS

Nas páxinas seguintes recóllese s fichas descriptiva do posto de traballo afectado pola modificación da RPT. Trátase de un único posto de traballo.

POSTOS DE TRABALLO DE NOVA CREACIÓN

- 01.00.00.06 **Administrativo**. Este posto se crea, dentro do departamento de *Secretaría e Administración Xeral*, como posto non singularizado, para dar apoio á Secretaría Xeral con funcións de modernización da xestión e da información e demais tarefas conexas. Posto que poderá ser cuberto por persoal de outras Administracións Públicas. Posto reservado a funcionario da escala Administración Xeral, subescala Administrativa.

Mantense a valoración común para o resto dos postos administrativos.

POSTOS DE TRABALLO QUE SE AMORTIZAN

- 01.00.00.04 **Administrativo**. Se amortiza este posto, vacante, do departamento de *Secretaría e Administración Xeral*.
- 02.00.00.04 **Policía Local**. Se amortiza este posto vacante, do departamento de *Seguridade*, quedando o corpo da policía local, conforme o mínimo previsto pola Lei de Coordinación de Policía Local de Galicia, formado por un oficial e dous axentes en activo, ademais do posto de axente en segunda actividade.

POSTOS DE TRABALLO QUE SE MODIFICAN

- 05.00.00.04 **Coordinador Cultural**. Este posto modifica, dentro do departamento de *Cultura e Xuventude*, e pasa a denominarse **Auxiliar de Biblioteca e Arquivo**, asumindo as funcións descritas na ficha correspondente, para dar servizo á biblioteca municipal e o arquivo. Posto reservado a funcionario da escala Administración Xeral, subescala Auxiliar.

A modificación non afecta aos complementos salariais do posto.

ENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABALLO		Situación do posto no organigrama da área			
<i>Cod.</i>	ADMINISTRATIVO (Modernización e xestión da información)				
01.00					
00.06					
<i>Departamento</i>	SECRETARÍA E ADM. XERAL				
OBSERVACIÓNS					
CARACTERÍSTICAS DO POSTO FUNCIONARIO					
<i>Escala</i>		<i>Subescala</i>			
Administración Xeral		Administrativa			
<i>Grupo</i>	<i>Titulación mínima necesaria</i>	<i>Nivel de C.D.</i>	<i>C.E.</i>		
C1	Bacharelato / Técnico	22	15.720,76€		
FUNCIÓNS DO POSTO DE TRABALLO	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Colaborar na xestión de expedientes e seguimento dos asuntos propios. ▪ Colaborar na organización dos respectivos servizos. ▪ Tramitar expedientes e documentos. ▪ Redactar acordos ou resolucións de conformidade cos modelos que sexan facilitados pola Secretaría do Concello. ▪ Informar e atender ao público, en defecto de auxiliares e subalternos. ▪ Distribuir e supervisar o traballo dos Auxiliares. ▪ Responsabilizarse das tarefas de estatística, padrón e administración electrónica. ▪ Tramitación de subvencións e axudas públicas. ▪ Apoio directo á Secretaría en trámites relativos a órganos colexiados. ▪ Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra. 				

DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABALLO		Situación do posto no organigrama da área		
<i>Cod.</i>	AUXILIAR DE BIBLIOTECA E ARQUIVO			
05.00 00.04				
<i>Departamento</i>	CULTURA E XUVENTUDE			
OBSERVACIÓNS				
CARACTERÍSTICAS DO POSTO FUNCIONARIO				
<i>Escala</i>		<i>Subescala</i>		
Administración Xeral		Auxiliar		
<i>Grupo</i>	<i>Titulación mínima necesaria</i>	<i>Nivel de C.D.</i>	<i>C.E.</i>	
C2	Graduado en ESO	18	12.560,94€	
FUNCIÓNS DO POSTO DE TRABALLO	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Mantemento e xestión técnica da biblioteca (catalogación, etiquetado, expurgo, etc) ▪ Organización de actividades de promoción da lectura na biblioteca ▪ Atención dos postos informáticos á disposición dos usuarios ▪ Control, orde e supervisión do arquivo municipal e histórico ▪ Control das entradas e saídas de documentación do arquivo físico ▪ Asesorar á Corporación e confeccionar os informes técnicos que lle sexan solicitados, ou xerados por iniciativa propia en materia de arquivo. ▪ Informar e asesorar as actuacións, orzamentos e programas realizados pola súa unidade, de acordo ás normas existentes e segundo un ámbito de actuación definido. ▪ Realiza-los traballos administrativos de apoio necesarios para a execución das súas funcións. ▪ Preparación da documentación necesaria para a solicitude de Axudas polo Concello. ▪ Atención ao público persoal e telefónica no ámbito relativo as súas funcións. ▪ Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra. 			

4. CAMBIOS NA RPT

Nas páxinas seguintes recóllese a Relación de Postos de Traballo municipal correspondente á os postos de traballo afectados na presente modificación.

Os campos e códigos incluídos nesta son os seguintes:

PERSOAL FUNCIONARIO

Cód.: Código do posto de traballo conforme se definiu na proposta de estrutura e na presente valoración de postos.

Denominación do posto: Denominación do posto de traballo.

Dot.: Número de dotacións de postos de traballo coas características descritas.

C.D.: Nivel de Complemento de Destino conforme se desprende da valoración do puesto.

C.E.: Importe anual do Complemento Específico conforme se desprende da valoración do posto.

TP: Tipo de Posto; "S" si se trata dun posto singularizado e "N" noutro caso.

FP: Forma de Provisión; "C" si se trata de concurso; noutro caso, "L" para os postos de libre designación; "A" cando o posto sexa provisto por adscripción; "I" cando o posto, por ter encomendadas funcións expresamente calificadas de confianza o asesoramento especial, poidera ser desenrolado indistintamente por persoal funcionario ou eventual provisto por libre designación.

ADM: Adscripción a Administracións Públicas; "AL" funcionarios propios da Administración Local; "AE" Administración do Estado; "A1" Administración do Estado e das Comunidades Autónomas; "A2" Administración do Estado e Local; "A3" Administración do Estado, das Comunidades Autónomas e Local; "A4" outras adscripciones aclaradas no apartado observacións.

Grupo: Adscripción a Grupos.

Escala: Adscripción a Escalas

Subescalas: Adscripción a Subescalas

Titulación académica: Titulación mínima necesaria para ocupar o posto de traballo.

Formación específica: Outro tipo de formación específica necesaria para ocupar o posto aparte da académica.

Observacións: Comentarios e aclaracións a calquera dos aspectos anteriores ou non recollido nos apartados previos.

PERSONAL FUNCIONARIO

NOTA: Os valores dos complementos salariais se corresponden ao exercicio de 2021.

Cód.	Denominación do posto	Dot.	C.D.	C.E.	TP	FP	Adscripción				Titulación académica	Formación específica	Observacións
							ADM	Grupo	Escala	Subescala			
01.00.00.06	ADMINISTRATIVO	1	22	15.720,76€	N	C	AL	C1	Administración Xeral	Administrativa	Bacharelato / Técnico	-	-
05.00.00.04	AUXILIAR DE BIBLIOTECA E ARQUIVO	1	18	12.560,94€	N	C	AL	C2	Administración Xeral	Auxiliar	Graduado en ESO	-	-

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, con 9 votos a favor dos Sres. Concelleiros de PSdeG-PSOE, e 4 votos en contra dos Sres. Concelleiros de PP, BNG e MOVENEDA, presta aprobación á transcrita proposta.

DEBATE: ficheiro resultante da gravación audiovisual da sesión.

8º.- RESOLUCIÓN DE ALEGACIONES E APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DAS ACTIVIDADES EXTRACTIVAS DE MADEIRA NOS MONTES E ESPAZOS FORESTAIS DO CONCELLO DE NEDA

O Pleno da Corporación Municipal, en sesión ordinaria de 14 de decembro de 2020, aprobou inicialmente a modificación da Ordenanza reguladora das actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais do Concello de Neda. Sometido o acordo a información pública, D. José Elier Ojea Ureña, actuando en nome e representación da Federación empresarial de aserradores y rematantes de madera de Galicia (FEARMAGA), presentou alegacións á mesma, cuxo contido literal queda incorporada ao expediente.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno ditaminou o asunto en sesión ordinaria de 17/03/2021.

O Pleno da Corporación coñece do informe emitido por parte do Sr. Secretario Xeral da Corporación, do seguinte tenor literal:

“INFORME PROPUESTA DE RESOLUCIÓN DE ALEGACIONES A LA MODIFICACIÓN DE LA ORDENANZA REGULADORA “DAS ACTIVIDADES EXTRACTIVAS DE MADEIRA NOS MONTES E ESPAÇOS FORESTAIS DO CONCELLO DE NEDA”

ANTECEDENTES

Aprobada inicialmente por el Pleno de la Corporación Municipal en sesión ordinaria de 14 de diciembre de 2020, la modificación de la Ordenanza reguladora de las actividades extractivas de madera en los montes y espacios forestales del Concello de Neda, la misma fue sometida a información pública mediante anuncios publicados en el BOP (número 220, de 23 de diciembre de 2020) y en el Tablón de Edictos del Ayuntamiento.

En dicho trámite de publicidad formal, D^a José Elier Ojea Ureña, actuando en nombre y representación de la Federación empresarial de aserradores y rematantes de madera de Galicia (FEARMAGA), presentó alegaciones a la misma, mediante escrito presentado en la sede electrónica de este Ayuntamiento en fecha 29 de diciembre de 2020, registrado de entrada con el número 20219990000032, y con el contenido literal que obra incorporado al expediente de su razón.

Expuesto ahora sucintamente, formula alegaciones por las siguientes causas:

Primera. - Vulneración de los principios de necesidad y eficacia.

Segunda. – Vulneración del principio de jerarquía normativa

Tercera. – Improcedencia de la exigencia de garantías

Cuarta. – Vulneración del principio de igualdad

Y, sobre la base del contenido de las alegaciones presentadas, solicita al Ayuntamiento de Neda que “se valore la posibilidad de elaborar una ordenanza que sea asumible por las empresas de explotación forestal, siguiendo el ejemplo del Concello de Valadouro” y “adicionalmente, se dé inicio al trámite de revisión de oficio previsto en el artículo 106.2 de la Ley 39/2015, o, en su defecto, se proceda a la derogación de la ordenanza vigente”.

A estas alegaciones y solicitudes son de aplicación las siguientes

CONSIDERACIONES JURÍDICAS

PRIMERA. – Es necesario comenzar el estudio de las alegaciones presentadas por FEARMAGA, por la solicitud que anuda a ellas. En efecto, como tal *petitum* resulta inasumible, por contraria a la autonomía municipal reconocida constitucionalmente y

garantizada no solamente por el Tribunal Constitucional, sino también por los Tribunales del orden jurisdiccional contencioso-administrativo, la elaboración de una ordenanza municipal que sea necesariamente reproducción de la elaborada por otro Ayuntamiento.

Igualmente, cabe oponer que el trámite de información pública posterior a la aprobación inicial plenaria de una ordenanza municipal, o de una modificación parcial de la misma, no es el cauce adecuado, de acuerdo con el artículo 49 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las bases del Régimen Local (LRBRL), para instar un procedimiento de revisión de oficio del artículo 106.2 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del procedimiento administrativo común de las Administraciones Públicas (LPACAP), procedimiento que, por otra parte, y de acuerdo con el citado precepto, solamente podrá iniciarse de oficio por la Administración en el caso de disposiciones administrativas de carácter general, como es el caso de una ordenanza municipal, y nunca a instancia de parte.

Del mismo modo, y de conformidad con el artículo 49 de la LRBRL tampoco el trámite de información pública referido a una modificación parcial de la ordenanza municipal reguladora de las actividades extractivas de madera en los montes y espacios forestales del Concello de Neda, permite solicitar una derogación completa de la Ordenanza, puesto que ese no es el objeto de la publicación formal exigida por el mencionado precepto de la Ley de bases de Régimen Local.

Todo ello, sin embargo, y de acuerdo con el principio *pro actione*, no impide entrar en la consideración y estudio de las alegaciones presentadas por FEARMAGA.

SEGUNDA. – En relación con la alegación Primera de FEARMAGA, “Vulneración de los principios de necesidad y eficacia”, procede realizar las siguientes consideraciones jurídicas.

En primer lugar, el artículo 129 de la LPACAP, recoge entre los principios de buena regulación, los de necesidad y eficacia, de acuerdo con los cuales “la iniciativa normativa debe estar justificada por una razón de interés general, basarse en una identificación clara de los fines perseguidos y ser el instrumento más adecuado para garantizar su consecución”. Pues bien, se cumple escrupulosamente con estos principios en la modificación de la ordenanza propuesta y aprobada inicialmente, ya que existe una razón de interés general, como es la tutela del dominio público municipal, y los fines perseguidos (la protección de las vías públicas municipales) están claramente identificados en el articulado. Además, la regulación reglamentaria es el instrumento más adecuado para alcanzar estos fines de interés general, puesto que la práctica demuestra que un control a posteriori perdería toda su eficacia, razón que justifica que tampoco pueda acudir a técnicas presuntamente de *soft law*, como es la propuesta por el alegante, y consistente en la colocación de un cartel anunciativo de la empresa que realiza las operaciones de corta y saca de madera susceptibles de causar daños en el viario municipal, o incluso una solicitud de información a *posteriori* a la Administración autonómica.

Se afirma también en esta alegación la elevación de los umbrales de las fianzas, que pasan, según se dice, con carácter general, de 500 euros a 6.000 euros por operación. Sin embargo, la afirmación es sesgada, ya que los actuales 500 euros de fianza que se prevén en la ordenanza, lo son por cada operación de corta y saca de madera en el umbral mínimo (menos de 300 metros cúbicos), mientras que la modificación propuesta e inicialmente aprobada prevé una fianza mínima de 3.000 por cada comunicación y “cubrirá todos los trabajos que se vayan a realizar en parcelas contiguas o, si no lo son, en todas aquellas cuyo último acceso público rodado se realice por la misma vía y se encuentren en el mismo polígono catastral, independientemente del volumen de madera a extraer y del número de parcelas en las que se vaya a trabajar” (artículo 8); significa ello, y así lo demuestran las comunicaciones previas solicitadas hasta la fecha, que el importe de las fianzas se reducirá sensiblemente con la modificación propuesta.

En todo caso, y puesto que también se hace referencia a los desmesurados importes que en concepto de fianza habría que depositar en todos los Ayuntamientos de Galicia, en base a los datos de actividad extractiva de madera que posee FEARMAGA, por si pudiera dar lugar a confusión, procede modificar el artículo 8 de la ordenanza, en el sentido de aclarar que la fianza podrá prestarse en metálico, mediante aval bancario o mediante seguro de caución, si bien ya se aceptaba la prestación de fianza en cualquiera de estas modalidades

De igual modo, en esta primera alegación se censura que no está previsto en el artículo 5 de la ordenanza la incorporación de nuevas parcelas a las comunicaciones ya realizadas. Procede igualmente una enmienda de adición al citado artículo 5, permitiendo que se puedan añadir parcelas nuevas a la comunicación previa ya realizada, exigiendo, al mismo tiempo, que se acredite para esa “comunicación añadida” la autorización o declaración responsable ante la Administración autonómica, realizada con posterioridad a la comunicación previa presentada ante al Ayuntamiento, y, en caso de que proceda, la prestación de la fianza complementaria.

TERCERA. – La segunda alegación a la modificación de la ordenanza se refiere a la “Vulneración del principio de jerarquía normativa”, por no respetar las previsiones de la Ley 8/2013, de 28 de junio, de carreteras de Galicia, y de la Ley 7/2012, de 28 de junio, de montes de Galicia.

Sin embargo, el principio de jerarquía normativa está respetado en la aprobación inicial de la modificación de la ordenanza objeto de alegaciones, toda vez que las citadas leyes no constituyen el marco de referencia para la tutela y protección del viario municipal, tal y como se pone de manifiesto en la “justificación de la modificación” y en el “artículo 1” del texto reglamentario, y así se expuso supra en la contestación a la alegación primera de FEARMAGA.

Tanto la Ley de estradas como la Ley de montes de Galicia, en los preceptos citados en esta alegación segunda, aluden a los títulos habilitantes para la corta de arbolado y para

el aprovechamiento maderero, competencias ambas autonómicas, mientras que la ordenanza municipal ahora en trámite de información pública regula, como se ha dicho, la protección del viario municipal frente a los posibles daños que esas actividades extractivas puedan causar, competencia que se ejerce de acuerdo con diversos títulos competenciales previstos en la LRBRL como son la ordenación del tráfico, el acceso a los núcleos de población, y tomando en cuenta la protección de su patrimonio que incumbe a todas las Administraciones Públicas por imperativo de la normativa estatal y autonómica rectora de esta materia. Sirva como ejemplo la previsión del artículo 9.2 del Real Decreto 1372/1986, de 13 de junio, que aprueba el Reglamento de bienes de las Entidades Locales (RBEL), que obliga a las Corporaciones Locales a ejercer las acciones necesarias para la defensa de sus bienes y derechos.

Se alude en esta alegación segunda a que el registro de empresas madereras previsto en el artículo 4 de la ordenanza, es paralelo al previsto en el artículo 102 de la Ley de montes de Galicia y su reglamento de desarrollo. Si bien el artículo 4 de la ordenanza no ha sido objeto de modificación, de aprobación inicial, y por tanto de información pública, no existe inconveniente, antes bien, es aconsejable su modificación para establecer tal registro como voluntario.

Se alude también por parte de FEARMAGA que el artículo 5 “exige la comunicación previa y la prestación de fianza para todas las cortas, con independencia de que se vayan a emplear o no vías dependientes del Concello de Neda”. Lo cierto es que el artículo citado hay que ponerlo en relación con el artículo 1 de la propia ordenanza, que alude como objeto a “la protección de los bienes municipales”; sin embargo, puede resultar conveniente precisar en el propio artículo que los mandatos de la presente ordenanza serán de aplicación cuando las operaciones descritas exijan la utilización de las vías de titularidad municipal.

Se manifiesta también que el artículo 5.1 exige que la comunicación previa y documentación complementaria se presente en “las oficinas municipales”, por cuanto pueda suponer de vulneración del artículo 14 de la LPACAP. Cabe significar que la referencia a las “oficinas municipales” no tiene por qué ser estrictamente a las oficinas “físicas” sino también a las “telemáticas”, pero para evitar confusiones al respecto, es procedente modificar la redacción de punto del artículo 5.1, estableciendo que la presentación de la comunicación previa y documentos complementarios deberá presentarse en el Registro del Ayuntamiento, a través de cualquiera de los medios previstos en el artículo 16 de la LPACAP.

Se censura, por último, en esta alegación segunda, que el artículo 5.2 de la ordenanza exige presentar con la comunicación previa, “fotocopia compulsada de la declaración responsable, comunicación previa, solicitud o permiso, autorización o licencia, o cualquier título habilitante que sea exigible, expedido por la autoridad competente”, y ello vulnera, por un lado, las previsiones del artículo 28.2 en cuanto que se trata de un documento emitido por la Administración, y por otro lado, los artículos 92 y 92 bis de la Ley de montes de Galicia, en tanto en cuanto solamente prevén dos títulos habilitantes

para la corta y saca de madera, autorización o declaración responsable.

No se puede compartir la objeción; en efecto, por una parte, el artículo 28.2 de la LPACAP prevé que “los interesados tienen derecho a no aportar documentos que ya se encuentren en poder de la Administración actuante o hayan sido elaborados por cualquier otra Administración”, sin embargo, tales documentos no se hayan en poder del Ayuntamiento, y, la práctica demuestra que en casi la totalidad de las cortas y sacas de madera que se realizan en este término municipal, el título habilitante es la declaración responsable al amparo del artículo 92 bis de la Ley de montes de Galicia, título que, como es sabido, es un acto jurídico del particular, y no, por tanto, un documento elaborado por la Administración, autonómica en este caso.

Por otra parte, la previsión en ordenanza de cualquier título habilitante, genéricamente establecido, no contradice la previsión de los artículos 92 y 92 bis de la Ley de montes de Galicia, en cuanto establecen autorización y declaración responsable, respectivamente, sino que comprende un elenco más amplio ante cualquier eventual cambio normativo, eventualidad de la que no han sido ajenas otras normas autonómicas, v. gr., la Ley de espectáculos públicos de Galicia al modificar la Ley de emprendimiento y mejora de la competitividad económica de Galicia. Así, cualquier cambio legislativo obligaría a modificar la ordenanza, mientras que con la previsión actual, como ha quedado expuesto, no se contradice la Ley de montes de Galicia, al tiempo que se dota de estabilidad normativa a la ordenanza municipal aprobada.

CUARTA. – La tercera alegación objeta la “improcedencia de la exigencia de garantías”. En los términos y con las correcciones que quedaron expuestas anteriormente, la exigencia de fianza se acomoda plenamente a la legalidad, siempre y cuando se empleen vías de titularidad municipal para la extracción de madera.

La invocada sentencia del Tribunal Superior de Justicia de Castilla y León no resulta aplicable a la ordenanza aprobada inicialmente por el Ayuntamiento de Neda, como así reconoce FEARMAGA, y tampoco resulta de aplicación a la protección de las vías de titularidad municipal con ocasión de los eventuales daños que pueda generar la actividad extractiva de madera, la legislación urbanística de Galicia, como se pretende en la alegación tercera, puesto que la muy reiterada tutela del patrimonio municipal nada tiene que ver con los usos que prevé la Ley del Suelo de Galicia y su Reglamento de desarrollo para las distintas clases y categorías de suelos.

Las exigencias de las garantías previstas en la ordenanza se acomodan plenamente a la legalidad, como quedó justificado en las consideraciones jurídicas anteriores, sin perjuicio de las correcciones admitidas para la mejora del texto reglamentario.

QUINTA. – En la alegación cuarta de FEARMAGA se alude a la “Vulneración del principio de igualdad”, puesto que según se afirma, “se establecen unas limitaciones en

atención a unas actividades, sin que se aprecie que sean actividades que en sí mismas consideradas puedan suponer un daño o perjuicio a los caminos o impliquen que la necesidad de la conservación de los mismos lleve a la consideración de imponer una fianza solo y exclusivamente a este tipo de vehículos destinados a la corta y saca de madera”.

La apreciación no se puede compartir. Se respeta plenamente el principio de igualdad. Precisamente la identificación clara de los fines perseguidos con el texto reglamentario, de acuerdo con el interés general y los principios de necesidad y eficacia regulatoria previstos en el artículo 129 de la LPACAP, antes aludidos, determinan que se establezca esta regulación en relación con las actividades extractivas de madera, pues nuevamente la práctica demuestra que, son estas actividades, y no otras, las que se realicen en los espacios forestales del término municipal. De tal forma que, si en estos suelos se realizasen otro tipo cualquiera de actividades susceptibles de dañar las vías de titularidad municipal, también a estas otras actividades se le impondrían idénticos requisitos; como ello no sucede, la regulación en abstracto no se acomoda a los meritados principios de necesidad y eficacia que rigen la iniciativa reglamentaria y legislativa de las Administraciones Públicas. Sin que pueda invocarse, por ello, sin más justificación en la alegación, una vulneración del principio de igualdad.

Tampoco se pueden pretender justificar, como se recoge en la alegación cuarta de FEARMAGA, que otros vehículos de mucho menor tonelaje pueden causar iguales o superiores daños sobre el pavimento. Ninguna prueba al respecto se aporta”.

VOTACIÓN: Á vista do mesmo, o Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, con 12 votos a favor dos Sres. Concelleiros de PSdeG-PSOE, PP e BNG, e 1 abstención do Sr. Concelleiro de MOVENEDA, acorda:

1º.- Resolver ás alegacións formuladas por D. José Elier Ojea Ureña, actuando en nome e representación da Federación empresarial de aserradores y rematantes de madera de Galicia (FEARMAGA), no sentido proposto polo Sr. Secretario Xeral da Corporación.

2º.- De conformidade co anterior, aprobar definitivamente a modificación da Ordenanza reguladora das actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais do Concello de Neda, nos termos que, literalmente, se recollen a continuación.

3º.- Aprobar igualmente o texto refundido definitivo da Ordenanza reguladora das actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais do Concello de Neda, cara unha mellor comprensión e manexo do texto reglamentario definitivo, nos termos que, tamén literalmente, se recollen a continuación.

4º.- Notificar o presente acordo, en legal forma, a D. José Elier Ojea Ureña, que actúa en nome e representación da Federación empresarial de aserradores y rematantes de madera de Galicia (FEARMAGA).

5º.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia o texto definitivo da modificación, así como o texto refundido da Ordenanza reguladora das actividades extractivas de madeira nos

montes e espazos forestais do Concello de Neda.

MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DAS ACTIVIDADES EXTRACTIVAS DE MADEIRA NOS MONTES E ESPAZOS FORESTAIS DO CONCELLO DE NEDA

XUSTIFICACIÓN DA MODIFICACIÓN

A aplicación desta Ordenanza que, a pesares do seu título non regula a actividade extractiva de madeira senón certas consecuencias dela con transcendencia pública, ten alertado sobre os aspectos que son mellorables, tanto para as empresas do sector como para o interese público, sobre as dificultades que se puxeron de manifesto e sobre os incumprimentos máis relevantes e frecuentes.

Así, ademais da concreción dos aspectos que atinxen á solicitude do interesado – documentación necesaria, prazos, títulos habilitantes doutras Administracións, etc.- os problemas cotiáns xorden respecto da prestación da fianza e da reparación dos camiños e vías despois de rematar os traballos.

A regulamentación da fianza ata agora esixía a continuidade física das parcelas para que se puideran considerar cubertas pola mesma garantía. Así, aínda que a contía mínima era ben inferior para as cortas de menor entidade, por unha banda, calquera descontinuidade habilitaba ao Concello para esixir unha fianza por cada parcela na que se ían desenvolver os traballos, o que ben podería determinar unha suma desproporcionada e aínda por riba debíase atender ao volume de corta previsto.

Neste último aspecto, a fianza podía establecerse entre 500 e 6.000 euros, segundo o volume de corta estruturada nunha complexa e case que incontrolable distribución por tramos que ían dende 300 a máis de 3.000 metros cúbicos.

Por iso, coa nova regulación preténdese simplificar o trámite deixando de lado o volume de madeira que se prevé cortar e que, aínda que sexa superior a 20 metros cúbicos, non afectará á determinación da fianza ou aval a prestar, e se establece un mecanismo máis flexible que permita reunir moitos máis predios nunha mesma comunicación previa e que incentive a concentración dos traballos, tomando como referencia dúas posibles situacións: primeira, a contigüidade das fincas e, segunda, a última vía pública de acceso e o polígono catastral ao que estean adscritas. Agora ben e consecuentemente, a fianza se fixa nunha contía media, pois o volume de talla e a presión de cada actividade sobre o medio natural, os bens públicos e as vías públicas que se prevé será maior, de tal xeito que maior ten que ser garantía media para a súa protección.

Por outra banda, artículase un mecanismo para que as empresas que así o desexen, porque teñan unha previsión de alta actividade ou por calquera outro motivo, poidan depositar unha fianza única para todo o ano natural, que abranguerá todas as operacións que vaian a realizar, tamén con independencia do volume total da corta, e coa consecuente simplificación do trámite da comunicación previa.

Dáselle máis énfase ao principal obxectivo da norma coa nova regulación da comunicación ao Concello do momento no que se rematen os traballos. Este é o xeito máis seguro para que unha Administración limitada polos medios de que dispón comprobe o cumprimento das obrigas por parte dos interesados e de que coñeza canto antes o estado dos bens afectados e, consecuentemente, proceda o máis axiña posible ou ben á devolución da fianza ou ben a que o responsable atenda por si mesmo ao amaño dos danos causados ou finalmente e noutro caso, se inicie un procedemento de execución subsidiaria, é dicir, que o Concello o arranxe polos seus medios e logo o repercuta ao responsable, primeiramente con cargo á fianza e, de ser o caso, contra o seu patrimonio no suposto de que custos excedan daquela.

No apartado dedicado as infraccións e sancións axústanse as contías aos límites legalmente previstos para este aspecto no eido local. Así mesmo, a especial relevancia que ten a comunicación previa de inicio dos traballos esténdese á obriga de comunicar o seu remate, de tal xeito que súa omisión constitúe, por si mesma, unha infracción leve, agravada segundo o valor dos danos causados ou os custos necesarios para a reposición dos bens afectados.

Dito doutro xeito o núcleo da ordenanza, a modo de resumo, céntrase nas tres seguintes obrigas fundamentais:

- A de presentar a comunicación previa, cando menos, con dez días hábiles de antelación ao comezo dos traballos e de presentala cos datos e a documentación completa, incluída a fianza depositada, en xeral, por 3.000 euros ao non ser que se opte pola fianza anual de 21.000 euros.
- A de limpar a zona e vías ao final de cada día e ao rematar definitivamente os traballos.
- A de comunicar ao Concello o remate dos traballos.

O texto desta modificación sométese á consulta prevista no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo único:

Modifícase a Ordenanza reguladora das actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais do Concello de Neda, publicada no BOP da Coruña número 19, do día 29 de xaneiro de 2014, do xeito seguinte:

UN. – Modifícase o número 2 do artigo 1, que queda redactado como segue:

2. A presente ordenanza ten por obxecto a regulación da actividade forestal consistente na corta e saca de madeira dentro do termo municipal, mais non como actividade en si mesma senón na medida na que afecte ao medio natural, aos bens municipais e á seguridade viaria, aspectos sobre que o Concello ten o deber de preservar. Así, esta ordenanza afecta ás actividades que se desenvolvan como consecuencia da obtención de madeira e o seu transporte (operacións preparatorias da corta, desprazamentos de

vehículos e maquinaria, construción de ramplas de acceso aos terreos, depósitos de madeira, transporte da madeira, etc.), sempre que como consecuencia das operacións descritas se vaian utilizar vías de titularidade deste municipio. Con isto quérese facer compatible a liberdade de empresa e o desenvolvemento do sector forestal, tan importante no noso Concello, coa preservación do medio natural, a conservación dos camiños e pistas municipais e coa seguridade viaria.

DOUS. – Modifícase o artigo 4, que queda redactado como segue:

Artigo 4.–Rexistro de empresas madeireiras

As persoas físicas ou xurídicas que realicen actividades madeireiras no Concello de Neda poderán inscribirse nun Rexistro establecido para controlar o desenvolvemento destas actividades, no que se fará constar a denominación da empresa, NIF, enderezo, teléfono, correo electrónico e persoa/s de contacto. Recóllese o modelo de solicitude de inscrición no Anexo I.

TRES. - Modifícase o artigo 5, que queda redactado como segue:

Artigo 5.- Requisitos para as operacións de corta e saca de madeira

1. Para realizar traballos de corta e saca de madeira en plantacións forestais deste Concello, cun volume estimado superior a 20 metros cúbicos, será obrigatorio presentar no Rexistro do Concello, a través de calquera dos medios previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, unha comunicación previa por escrito, cunha antelación mínima de dez días hábiles ao comezo das actividades, xunto coa documentación esixible. Isto farase sen prexuízo da acreditación da declaración responsable, comunicación previa ou calquera título habilitante que, conforme á normativa vixente, sexa necesario, xa foren da autoridade forestal, de conservación da natureza, de protección de augas ou de preservación do patrimonio arqueolóxico, ou calquera outro que resulte esixible.

2. O escrito de comunicación previa será asinado pola empresa madeireira, que deberá achegar a documentación e os datos seguintes:

- Datos identificativos da empresa madeireira e, de ser o caso, do empresario subcontratado que vaia a facer os traballos (denominación, número do NIF, enderezo postal e electrónico e teléfono, nome e apelidos da persoa encargada ou responsable da empresa).
- Identificación dos vehículos (marca, modelo, matrícula e peso máximo autorizado) cos que se desenvolverán os traballos.
- Especie de madeira obxecto da corta.
- Volume aproximado de madeira que se prevé extraer.
- Nome das fincas ou montes afectados, lugar ou sitio e parroquia.

- Identificación catastral da finca ou monte afectado (polígono e parcela/s).
- Identificación da última vía pública de titularidade deste Concello pola que se vai acceder a elas.
- Datas previstas de inicio e remate dos traballos.
- Lugar onde se depositará a madeira á espera da súa carga.
- Fotocopia compulsada da declaración responsable, comunicación previa, solicitude ou do permiso, autorización ou licenza ou calquera título habilitante que sexa esixible, expedido pola autoridade competente.
- Fotocopia compulsada do seguro de responsabilidade civil ou calquera outro similar da empresa madeireira ou, de ser o caso, do empresario subcontratado que vaia a realizar os traballos, que cubra os eventuais danos e prexuízos que poidan causarse con ocasión da corta e saca de madeira, así como do último recibo pagado, acreditativo de que o dito seguro está vixente no momento de realizarse as operacións.
- Fianza prestada nos termos e na contía que resulte desta Ordenanza.

3. O Concello de Neda terá a disposición das persoas interesadas un modelo normalizado de escrito de comunicación previa, tal e como se recolle no Anexo II.

4. Despois de presentar unha comunicación previa de acordo coas formalidades previstas no número 2 deste artigo, a empresa madeireira poderá presentar novas comunicacións para engadir máis parcelas, sen que se teña que prestar unha nova fianza, sempre que se cumpran as condicións seguintes:

- a) Que se atopen nas condicións do artigo 8.1 desta Ordenanza, é dicir, que se trate de parcelas contiguas ou, se non o son, que o último acceso público rodado se realice pola mesma vía e que se atopen no mesmo polígono catastral que as que xa foron obxecto da anterior comunicación.
- b) Que se xustifique a presentación da declaración responsable ou o título habilitante autonómico que proceda, e sempre que este sexa de data posterior á primeira comunicación previa presentada ante o Concello.

De non darse algunha destas condicións, aplicarase o réxime xeral da prestación da fianza.

5. De estaren realizándose os traballos sen que a empresa madeireira ou á persoa propietaria do monte ou predio forestal cumprisen coa obrigaón a que se refire este artigo o Concello lles requirirá para que no prazo de 24 horas presenten un escrito de posta en coñecemento das actividades, co mesmo contido que o de comunicación previa, e poderá ordenar a súa inmediata suspensión.

De estaren realizándose os traballos e da comunicación previa presentada resulta a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento achegado, se requirirá ao interesado para que a emende no prazo de 24

horas, sen prexuízo de que o Concello poida ordenar a súa inmediata suspensión.

6. De non cumprir co previsto no número anterior se ordenará, no primeiro caso, o cese definitivo da actividade e, no segundo, logo da audiencia do interesado, a declaración de ineficacia da comunicación coa prohibición definitiva do exercicio da actividade, e todo sen prexuízo da sanción que corresponda.

7. Exceptúase do disposto na presente ordenanza a realización de cortas para usos propios domésticos, entendendo como tales os que non teñan fins comerciais e teñan un volume máximo de 20 m³.

CATRO. - Modifícase o artigo 8, que queda redactado como segue:

Artigo 8.- Fianza

1. As empresas madeireiras deberán depositar unha fianza en favor do Concello, co obxecto de responderen diante dos posibles danos non reparados voluntariamente, segundo se recolle nesta ordenanza. A constitución da fianza, que poderá prestarse en metálico, mediante aval bancario ou seguro de caución e que deberá acreditarse coa presentación da comunicación previa, será por importe de 3.000 euros por cada comunicación, que cubrirá todos os traballos que se vaian a desenvolver en parcelas contiguas ou, se non o son, en todas aquelas cuxo último acceso público rodado se realice pola mesma vía e se atopen no mesmo polígono catastral, independentemente do volume de madeira a extraer e do número de parcelas nas que se vaia a traballar.

2. As empresas madeireiras poden optar, se lles convén, por depositar unha fianza por importe de 21.000 euros, que se imputará a todas as comunicacións previas que se presenten para o ano natural, sen que proceda ningún afianzamento ou aval máis por este concepto. Se a opción se solicita a partir do día 31 de agosto, a fianza a depositar será de 12.000 euros e se imputará a todo o que quede para rematar o ano natural en curso.

CINCO. – Engádesse un novo artigo 8 bis, coa seguinte redacción:

Artigo 8 bis. Obrigación de comunicar o remate dos traballos

O interesado está obrigado a comunicar o remate dos traballos nun prazo máximo de 7 días naturais ao momento no que os termine. Unha vez feita a anterior comunicación a tramitación administrativa do expediente da devolución da fianza completárase nun prazo de 30 días naturais, logo de que os servizos municipais comprobaren a inexistencia de danos nas vías, nas infraestruturas, no dominio público local ou en calquera clase de bens ou intereses sobre os que o Concello teña o deber de velar.

SEIS. - Modifícase o artigo 9, que queda redactado como segue:

Artigo 9.- Normas comúns no uso da fianza non devolta e execución subsidiaria

1. Se o Concello constatase a produción de danos dos que deba facerse cargo a interesada, incluída a acumulación de restos procedentes das operacións de carga e almacenamento, lle requirirá para que os repare coa advertencia de que, transcorrido un prazo de 7 días naturais contados dende o requirimento sen que o faga, o Concello poderá realizar subsidiaria e primeiramente con cargo á fianza, as operacións de reparación, corrección e/ou retirada de restos, sen prexuízo da sanción que proceda.

No caso de desatención do requirimento anterior ou de cumprimento defectuoso e logo de obter os antecedentes que se estimen oportunos, os Servizos Técnicos Municipais elaborarán un informe para determinar a liquidación provisional dos custos a realizar polo Concello, que no seu momento serán repercutidos ao interesado para que satisfaga o importe con cargo á fianza depositada ou ben na contía que, de ser necesario porque esta sexa insuficiente, a supere. O interesado disporá dun trámite de audiencia polo prazo de 10 días para efectuar as alegacións e valerse dos medios de proba que estime pertinente, logo do cal o Concello adoptará a resolución que proceda. A cantidade fixada nesta resolución deberá ser ingresada a favor do Concello nos termos, condicións e prazos da normativa reguladora das facendas locais polo que, no caso de incumprimento, poderá facerse efectiva pola vía de constrinximento.

2. A responsabilidade regulada neste precepto é independente da apertura do expediente sancionador que corresponda por mor dos incumprimentos en que incorran os interesados.

SETE. - Modifícase o artigo 10, que queda redactado como segue:

Artigo 10.- Infraccións

1. Son infraccións da presente ordenanza os actos e omisións que contraveñan o establecido nela. A comisión de calquera infracción levará aparellada a imposición das correspondentes sancións aos responsables, ademais da obriga de facer a reparacións dos danos, do mantemento e de limpeza das vías, así como a de indemnizar a quen resulte prexudicado polos danos derivados da súa comisión.

2. As infraccións a esta ordenanza cualifícanse en moi graves, graves e leves.

3. Constitúen infraccións moi graves:

- Realizar os traballos forestais sen presentar, no prazo que se lle indicou unha vez que foi requirido polo Concello, o escrito de comunicación previa ou o de emenda da comunicación defectuosamente presentada.
- Deixar as vías municipais nun estado que supoña unha situación de risco para a seguridade viaria, segundo o informe municipal emitido para o caso.
- Causar danos nas estradas, pistas, camiños ou noutros elementos do dominio público

local por valor de 6.000 euros ou máis.

. Non comunicar en prazo o remate dos traballos, cando ademais se causen danos nas estradas, pistas, camiños ou noutros elementos do dominio público local por valor de 6.000 euros ou máis.

. A reincidencia, pola comisión no prazo dun ano de máis dunha infracción grave cando así se teña declarado por resolución firme en vía administrativa.

4. Son infraccións graves:

. Realizar os traballos forestais sen ter presentado o escrito de comunicación previa, aínda que o achegue despois de ser requirido polo Concello.

. Realizar os traballos forestais sen presentar a comunicación previa coa antelación prevista no artigo 5.1 desta Ordenanza, se aquela se presentou co incumprimento dos requisitos previstos no artigo 5.2, aínda que se emendase despois de ser requirido polo Concello.

. Deixar as vías municipais en deficiente estado, sempre que non supoña unha situación de risco para a seguridade viaria, segundo o informe municipal emitido para o caso.

. Causar danos nas estradas, pistas, camiños ou noutros elementos do dominio público local por valor inferior a 6.000,00 €

. Non comunicar en prazo o remate dos traballos, sempre que o Concello constate que se causaron danos nas estradas, pistas, camiños ou noutros elementos do dominio público local por valor inferior a 6.000 euros.

. Non demoler ou non repor ao seu estado orixinal as ramplas ou accesos que se abran para acceso aos terreos forestais.

. A reincidencia, pola comisión no prazo dun ano de máis dunha infracción leve cando así se teña declarado por resolución firme en vía administrativa.

5. Considéranse infraccións leves calquera outro incumprimento desta ordenanza que non estea cualificado como moi grave ou grave e cuxa sanción corresponda ao Concello.

OITO. - Modifícase o artigo 11, que queda redactado como segue:

Artigo 11.- Sancións

1. As infraccións desta ordenanza serán sancionadas coas seguintes multas:

. Infraccións leves: multa de ata 750,00 €

. Infraccións graves: multa de contía comprendida entre 750,01 e 1.500,00 €

- Infraccións moi graves: multa de contía entre 1.500,01 € e 3.000,00 €
- 2. A tramitación do procedemento sancionador, non previsto nesta ordenanza, rexeráse pola normativa xeral na materia e, en todo caso, coa audiencia e demais garantías procesuais para a persoa interesada.
- 3. O importe das multas será graduado tendo en conta as circunstancias concorrentes e de acordo co establecido na normativa vixente.
- 4. As multas e sancións impostas ao amparo da presente ordenanza reduciranse na súa contía nun 50% no caso de seren aboadas no prazo de 15 días a partir da notificación da multa ou sanción, e se a persoa infractora mostra por escrito a súa conformidade con estas, e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no citado prazo.
- 5. O pagamento das multas poderase esixir pola vía administrativa de constrinximento, sen prexuízo das correspondentes responsabilidades de calquera outra índole, tanto administrativas como civís ou penais en que puidese incurrir.
- 6. As sancións serán independentes da reparación do dano causado e da indemnización de danos e perdas a que houber lugar.
- 7. A resolución do expediente sancionador corresponderá á Alcaldía.

NOVE. – Suprímese o artigo 12.

DEZ. – Modifícase o Anexo II

O documento que queda redactado consonte o Anexo II que se achega con esta modificación pasa a denominarse de “comunicación previa para actividade de depósito, carga e transporte da madeira procedente da corta forestal”.

Disposición derogatoria.

Derrógase expresamente a Ordenanza n.º 19, reguladora do depósito, carga e transporte da madeira procedente da corta nos montes do Concello, publicada no BOP número 9, do día 13 de xaneiro de 1999 e a súa modificación publicada no BOP número 287, do día 17 de decembro de 2001.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA.

Para a súa mellor comprensión propónse a aprobación do Texto Refundido que se transcribe de seguido.

ANEXO II

COMUNICACIÓN PREVIA PARA ACTIVIDADE DE DEPÓSITO, CARGA E TRANSPORTE DA MADEIRA PROCEDENTE DA CORTA FORESTAL

Datos da empresa madeireira	
Denominación	
NIF	
Enderezo postal	
Enderezo electrónico	
Teléfono	
Nome da persoa encargada	
Datos de quen vaia a facer os traballos (por exemplo, de ser o caso, o subcontratista)	
Vehículos que se van a utilizar (marca, modelo, matrícula e peso máximo autorizado)	

Datos da propiedade forestal		
Especie de madeira obxecto da corta		
Volume aproximado total da madeira a extraer (m ³)		
Nome das fincas ou montes afectados, lugar ou sitio e parroquia		
Identificacións catastrais	Polígono: • • •	Parcela/s: • • •
Identificación da última vía pública pola que se vai acceder ás parcelas		

Datos do aproveitamento forestal	
Data prevista de inicio	
Data prevista de remate	
Lugar onde se depositará a madeira	

En aplicación da Ordenanza reguladora das actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais do Concello de Neda, comunico o inicio de actividades forestais nas parcelas indicadas previamente.

Documentación que achega (marque o que corresponda):

- Fotocopia compulsada da comunicación previa, declaración responsable, solicitude ou do permiso, autorización ou licenza de corta
- Fotocopia compulsada do seguro de responsabilidade civil ou calquera outro similar
- Fotocopia compulsada do último recibo pagado do seguro de responsabilidade civil
- Non posúe ningún seguro de responsabilidade civil
- Fotocopia compulsada da fianza ou aval bancario

O INTERESADO DECLARA COÑECER A OBRIGA PREVISTA NO ART. 8 BIS DA ORDENANZA REGULADORA, DE COMUNICAR AO CONCELLO O REMATE DOS TRABALLOS NUN PRAZO MÁXIMO DE 7 (SETE) DÍAS NATURAIS CONTADOS DENDE QUE OS TERMINE.

Neda, __ de _____ de 201__.

Asdo.

ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE NEDA.-

TEXTO REFUNDIDO DA ORDENANZA REGULADORA DAS ACTIVIDADES EXTRACTIVAS DE MADEIRA NOS MONTES E ESPAZOS FORESTAIS DO CONCELLO DE NEDA.

LIMIAR

A actividade madeireira ten suma importancia no Concello de Neda debido a que boa parte da superficie municipal está cuberta por especies forestais. Pero asemade, o 25% da poboación galega é propietaria de parcelas forestais, polo que a incidencia do monte nas economías familiares é moi importante, e cómpre darlle o valor que lle corresponde.

Igualmente, a industria de transformación da madeira tamén é esencial para a economía de Neda, debido ós postos de traballo que xera, e á elaboración de produtos de maior valor engadido.

Ademais, o monte galego posúe unha elevada produtividade, grazas ó noso clima e á nosa terra, e isto xera unha mancha de potencialidades, que ben aproveitadas, poderían incrementar a produción de madeira, facer medrar as rendas das persoas propietarias, mellorar a xestión das empresas madeireiras, achegar produto de calidade para a industria transformadora, e con todo isto xerar máis valor, máis rendas, máis emprego e máis calidade de vida.

Nembargantes, para lograr todo isto é preciso virar a actual situación e camiñar cara a un novo paradigma de xestión sustentable do monte galego. E iso pasa por eliminar ou reducir os graves problemas que ten hoxe en día o sector, como son, entre outros, a escasa cualificación da man de obra, unha distribución de parcelas minifundista e irregular, ou os importantes impactos sobre a rede viaria municipal causados pola maquinaria forestal e os labores de extracción e carga da madeira.

O Concello, consciente da importancia do sector, pero tamén preocupado polos custos que esta actividade xera nas infraestruturas locais, e polo tanto no conxunto da poboación, pretende regular con esta ordenanza os labores de xestión forestal en Neda, no que atinxa á conservación das vías e así promover unha xestión racional e sustentable dos espazos forestais. E faino con base nas competencias que posúen os municipios nos ámbitos da prevención e extinción de incendios, o medio ambiente ou o urbanismo, establecidas pola Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, e pola Lei 5/1997, de administración local de Galicia, entre outras.

Nomeadamente, esta ordenanza pretende acadar a adecuada protección dos recursos naturais e paisaxísticos, así como velar pola debida conservación das vías públicas de titularidade municipal, que poden ser obxecto de estragos por causa das operacións de plantación, corta e saca da madeira.

É por iso que esta ordenanza vén regular a actividade extractiva de madeira no termo municipal, agás aquela que poida considerarse de autoconsumo. Neste senso créase un rexistro de empresas madeireiras, para levar control das entidades que realizan actividades forestais no termo municipal, e se establecen unha serie de obrigas de xestión que afectan tanto ás empresas como ás persoas propietarias dos montes explotados.

Para levar control das operacións forestais que se desenvolvan, o Concello requirirá a presentación dunha comunicación previa, para informar da realización de actividades extractivas de madeira, e dunha fianza, para cubrir os posibles estragos que se produzan nas infraestruturas e no dominio público local.

Por último a ordenanza recolle un apartado de infraccións e de sancións.

TÍTULO PRELIMINAR: OBXECTO E FUNDAMENTO

Artigo 1.- Obxecto e fundamento

1. Consonte ao disposto nos artigos 591 do Código civil e 25, 28 e 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, o Concello de Neda establece a presente ordenanza reguladora das cortas forestais.

2. A presente ordenanza ten por obxecto a regulación da actividade forestal consistente na corta e saca de madeira dentro do termo municipal, mais non como actividade en si mesma senón na medida na que afecte ao medio natural, aos bens municipais e á seguridade viaria, aspectos sobre que o Concello ten o deber de preservar. Así, esta ordenanza afecta ás actividades que se desenvolvan como consecuencia da obtención de madeira e o seu transporte (operacións preparatorias da corta, desprazamentos de vehículos e maquinaria, construción de ramplas de acceso aos terreos, depósitos de madeira, transporte da madeira, etc.), sempre que como consecuencia das operacións descritas se vaian utilizar vías de titularidade deste municipio. Con isto quérese facer compatible a liberdade de empresa e o desenvolvemento do sector forestal, tan importante no noso Concello, coa preservación do medio natural, a conservación dos camiños e pistas municipais e coa seguridade viaria.

Artigo 2.- Definicións

1. Para os efectos de aplicación desta ordenanza considérase como actividade forestal aquela que se desenvolve a partir do aproveitamento múltiple dos recursos que proporcionan os terreos nos que vexetan especies arbóreas, sexan de nacemento ventureiro, de semente ou de plantación, sempre que non sexan características de cultivo agrícola.

2. Por corta e saca de madeira deberá entenderse, para os efectos desta ordenanza, a totalidade das operacións que se desenvolvan dentro do municipio de Neda que teñan por obxecto a obtención e transporte de madeira de corta, incluíndo tanto as operacións previas ou preparatorias á corta (desprazamento de vehículos e maquinaria, construción de ramplas ou accesos ás fincas, preparación do terreo etc.) como as posteriores (preparación e depósito da madeira, cargamento e transporte).

3. Por empresa madeireira debe entenderse a persoa física ou xurídica que realice os labores de preparación do terreo, repoboación, corta, saca, depósito e/ou transporte da madeira. Tamén abrangue a aquelas persoas propietarias que realicen algúns destes labores nas parcelas da súa propiedade, sempre e cando non sexa para o autoconsumo de madeira e teñan por destino a súa comercialización.

Artigo 3.- Ámbito de aplicación

O ámbito de aplicación desta ordenanza é o termo municipal de Neda, sen prexuízo das disposicións especiais que poidan rexer en zonas cualificadas como especialmente protexidas ou espazos naturais.

TÍTULO I: REXISTRO, AUTORIZACIÓNS E RÉXIME XURÍDICO

Artigo 4.- Rexistro de empresas madeireiras

As persoas físicas ou xurídicas que realicen actividades madeireiras no Concello de Neda poderán inscribirse nun Rexistro establecido para controlar o desenvolvemento destas actividades, no que se fará constar a denominación da empresa, NIF, enderezo, teléfono, correo electrónico e persoa/s de contacto. Recóllese o modelo de solicitude de inscrición no Anexo I.

Artigo 5.- Requisitos para as operacións de corta e saca de madeira

1. Para realizar traballos de corta e saca de madeira en plantacións forestais deste Concello, cun volume estimado superior a 20 metros cúbicos, será obrigatorio presentar no Rexistro do Concello, a través de calquera dos medios previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, unha comunicación previa por escrito, cunha antelación mínima de dez días hábiles ao comezo das actividades, xunto coa documentación esixible. Isto farase sen prexuízo da acreditación da declaración responsable, comunicación previa ou calquera título habilitante que, conforme á normativa vixente, sexa necesario, xa foren da autoridade forestal, de conservación da natureza, de protección de augas ou de preservación do patrimonio arqueolóxico, ou calquera outro que resulte esixible.

2. O escrito de comunicación previa será asinado pola empresa madeireira, que deberá achegar a documentación e os datos seguintes:

- Datos identificativos da empresa madeireira e, de ser o caso, do empresario subcontratado que vaia a facer os traballos (denominación, número do NIF, enderezo postal e electrónico e teléfono, nome e apelidos da persoa encargada ou responsable da empresa).
- Identificación dos vehículos (marca, modelo, matrícula e peso máximo autorizado) cos que se desenvolverán os traballos.
- Especie de madeira obxecto da corta.
- Volume aproximado de madeira que se prevé extraer.
- Nome das fincas ou montes afectados, lugar ou sitio e parroquia.
- Identificación catastral da finca ou monte afectado (polígono e parcela/s).
- Identificación da última vía pública de titularidade deste Concello pola que se vai acceder a elas.
- Datas previstas de inicio e remate dos traballos.
- Lugar onde se depositará a madeira á espera da súa carga.
- Fotocopia compulsada da declaración responsable, comunicación previa, solicitude ou do permiso, autorización ou licenza ou calquera título habilitante que sexa esixible, expedido pola autoridade competente.
- Fotocopia compulsada do seguro de responsabilidade civil ou calquera outro similar da empresa madeireira ou, de ser o caso, do empresario subcontratado que vaia a realizar os traballos, que cubra os eventuais danos e prexuízos que poidan causarse con ocasión da corta e saca de madeira, así como do último recibo pagado, acreditativo de que o dito seguro está vixente no momento de realizarse as operacións.

. Fianza prestada nos termos e na contía que resulte desta Ordenanza.

3. O Concello de Neda terá a disposición das persoas interesadas un modelo normalizado de escrito de comunicación previa, tal e como se recolle no Anexo II.

4. Despois de presentar unha comunicación previa de acordo coas formalidades previstas no número 2 deste artigo, a empresa madeireira poderá presentar novas comunicacións para engadir máis parcelas, sen que se teña que prestar unha nova fianza, sempre que se cumpran as condicións seguintes:

a) Que se atopen nas condicións do artigo 8.1 desta Ordenanza, é dicir, que se trate de parcelas contiguas ou, se non o son, que o último acceso público rodado se realice pola mesma vía e que se atopen no mesmo polígono catastral que as que xa foron obxecto da anterior comunicación.

b) Que se xustifique a presentación da declaración responsable ou o título habilitante autonómico que proceda, e sempre que este sexa de data posterior á primeira comunicación previa presentada ante o Concello.

De non darse algunha destas condicións, aplicarase o réxime xeral da prestación da fianza.

5. De estaren realizándose os traballos sen que a empresa madeireira ou á persoa propietaria do monte ou predio forestal cumprisen coa obrigaición a que se refire este artigo o Concello lles requirirá para que no prazo de 24 horas presenten un escrito de posta en coñecemento das actividades, co mesmo contido que o de comunicación previa, e poderá ordenar a súa inmediata suspensión.

De estaren realizándose os traballos e da comunicación previa presentada resulta a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento achegado, se requirirá ao interesado para que a emende no prazo de 24 horas, sen prexuízo de que o Concello poida ordenar a súa inmediata suspensión.

6. De non cumprir co previsto no número anterior se ordenará, no primeiro caso, o cese definitivo da actividade e, no segundo, logo da audiencia do interesado, a declaración de ineficacia da comunicación coa prohibición definitiva do exercicio da actividade, e todo sen prexuízo da sanción que corresponda.

7. Exceptúase do disposto na presente ordenanza a realización de cortas para usos propios domésticos, entendendo como tales os que non teñan fins comerciais e teñan un volume máximo de 20 m³.

Artigo 6.- Responsables

1. A empresa madeireira será responsable directamente de todos os danos e prexuízos a persoas e bens que se produzan ou ocasionen con motivo da corta, depósito e transporte da madeira, debendo reparar o dano causado. O Concello de Neda velará especialmente para que as ditas operacións de corta e saca de madeira non ocasionen danos nas vías

públicas municipais e estas queden en adecuado estado de conservación, limpeza e seguridade.

2. A obriga recollida no punto anterior será esixible non só polos actos ou omisións propios, senón tamén polos cometidos por calquera persoa que, sen ser empregada ou traballadora da empresa madeireira, interveña nas operacións de corta e saca de madeira por conta, consentimento ou aquiescencia da empresa madeireira, e, en xeral, polos cometidos por aquelas persoas de quen deba responder.

3. As persoas propietarias das parcelas de monte nas que se efectúen actividades de extracción de madeira serán responsables, nomeadamente cando a corta se faga a oito en zonas con pendentes elevadas, de tomar as medidas precisas para previr tanto os riscos erosivos sobre o terreo como as posibles consecuencias da erosión sobre os bens públicos.

Artigo 7.- Obrigacións

1. A empresa madeireira estará obrigada a asumir os custes da reparación dos estragos producidos nas vías, nas estruturas anexas ou noutros elementos do dominio público local.

2. A empresa madeireira fica obrigada á limpeza e retirada dos residuos da corta de madeira, de xeito que as pistas, camiños ou espazos públicos queden en todo momento no mesmo estado de limpeza e conservación que tiñan antes de levarse a cabo as operacións de corta e saca de madeira. A obriga de limpeza deberá cumprirse todos os días ao final da xornada de traballo.

3. Os depósitos de rolla, pólas, podalla ou demais restos non poderán invadir as zonas de circulación viaria, nin menoscar a funcionalidade das cunetas, gabias, canalizacións, pontellas ou calquera outra infraestrutura auxiliar ou anexa ós camiños ou vías, de cara a evitar riscos para as persoas usuarias.

4. Prohíbese que os refugallos que non sexan estritamente vexetais fiquen ou se depositen no monte, vías ou lugares non autorizados. Os residuos asimilables ós urbanos seleccionaranse e depositaranse no contedor municipal adecuado. Os residuos industriais, especialmente, aceites usados, entregaranse a un xestor autorizado de residuos.

5. As empresas madeireiras e/ou as persoas propietarias dos montes tratarán os restos forestais de maneira que minimicen o risco de incendio, dando prioridade ós tratamentos que supoñan a incorporación dos ditos restos ó ciclo produtivo agroforestal ou ó aproveitamento de biomasa forestal residual nas súas distintas variantes.

6. A empresa madeireira estará obrigada a sinalizar as vías situadas nas zonas de extracción e depósito de madeira conforme ao establecido na normativa vixente en materia de tráfico, circulación e seguridade viaria.

7. Prohíbese o uso das vías públicas para almacén ou depósito irregular da madeira. Entenderase por depósito irregular, para os efectos desta ordenanza, aquel que exceda de 30 días naturais.

8. A empresa madeireira ou o propietario forestal deberán derrubar e repor ao seu estado anterior as ramplas abertas para facilitar o acceso ao terreo ou ao monte, co obxecto de que, cando chova, a auga e a terra arrastrada non asolague e cause danos nas pistas ou camiños municipais.

9. As limpeza e reparacións deberanse realizar nun prazo máximo de 72 horas a partir da retirada da madeira.

Artigo 8.- Fianza

1. As empresas madeireiras deberán depositar unha fianza en favor do Concello, co obxecto de responderen diante dos posibles danos non reparados voluntariamente, segundo se recolle nesta ordenanza. A constitución da fianza, que poderá prestarse en metálico, mediante aval bancario ou seguro de caución e que deberá acreditarse coa presentación da comunicación previa, será por importe de 3.000 euros por cada comunicación, que cubrirá todos os traballos que se vaian a desenvolver en parcelas contiguas ou, se non o son, en todas aquelas cuxo último acceso público rodado se realice pola mesma vía e se atopen no mesmo polígono catastral, independentemente do volume de madeira a extraer e do número de parcelas nas que se vaia a traballar.

2. As empresas madeireiras poden optar, se lles convén, por depositar unha fianza por importe de 21.000 euros, que se imputará a todas as comunicacións previas que se presenten para o ano natural, sen que proceda ningún afianzamento ou aval máis por este concepto. Se a opción se solicita a partir do día 31 de agosto, a fianza a depositar será de 12.000 euros e se imputará a todo o que quede para rematar o ano natural en curso.

Artigo 8 bis. Obrigación de comunicar o remate dos traballos

O interesado está obrigado a comunicar o remate dos traballos nun prazo máximo de 7 días naturais ao momento no que os termine. Unha vez feita a anterior comunicación a tramitación administrativa do expediente da devolución da fianza completárase nun prazo de 30 días naturais, logo de que os servizos municipais comprobaren a inexistencia de danos nas vías, nas infraestruturas, no dominio público local ou en calquera clase de bens ou intereses sobre os que o Concello teña o deber de velar.

Artigo 9.- Normas comúns no uso da fianza non devolta e execución subsidiaria

1. Se o Concello constatase a produción de danos dos que deba facerse cargo a interesada, incluída a acumulación de restos procedentes das operacións de carga e almacenamento, lle requirirá para que os repare coa advertencia de que, transcorrido un prazo de 7 días naturais contados dende o requirimento sen que o faga, o Concello poderá realizar subsidiaria e primeiramente con cargo á fianza, as operacións de reparación, corrección e/ou retirada de restos, sen prexuízo da sanción que proceda.

No caso de desatención do requirimento anterior ou de cumprimento defectuoso e logo de obter os antecedentes que se estimen oportunos, os Servizos Técnicos Municipais elaborarán un informe para determinar a liquidación provisional dos custos a realizar polo Concello, que no seu momento serán repercutidos ao interesado para que satisfaga o importe con cargo á fianza depositada ou ben na contía que, de ser necesario porque esta sexa insuficiente, a supere. O interesado disporá dun trámite de audiencia polo prazo de 10 días para efectuar as alegacións e valerse dos medios de proba que estime pertinente, logo do cal o Concello adoptará a resolución que proceda. A cantidade fixada nesta resolución deberá ser ingresada a favor do Concello nos termos, condicións e prazos da

normativa reguladora das facendas locais polo que, no caso de incumprimento, poderá facerse efectiva pola vía de constrinximento.

2. A responsabilidade regulada neste precepto é independente da apertura do expediente sancionador que corresponda por mor dos incumprimentos en que incorran os interesados.

TÍTULO II: INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

Artigo 10.- Infraccións

1. Son infraccións da presente ordenanza os actos e omisións que contraveñan o establecido nela. A comisión de calquera infracción levará aparelada a imposición das correspondentes sancións aos responsables, ademais da obriga de facer a reparacións dos danos, do mantemento e de limpeza das vías, así como a de indemnizar a quen resulte prexudicado polos danos derivados da súa comisión.

2. As infraccións a esta ordenanza cualifícanse en moi graves, graves e leves.

3. Constitúen infraccións moi graves:

- Realizar os traballos forestais sen presentar, no prazo que se lle indicou unha vez que foi requirido polo Concello, o escrito de comunicación previa ou o de emenda da comunicación defectuosamente presentada.
- Deixar as vías municipais nun estado que supoña unha situación de risco para a seguridade viaria, segundo o informe municipal emitido para o caso.
- Causar danos nas estradas, pistas, camiños ou noutros elementos do dominio público local por valor de 6.000 euros ou máis.
- Non comunicar en prazo o remate dos traballos, cando ademais se causen danos nas estradas, pistas, camiños ou noutros elementos do dominio público local por valor de 6.000 euros ou máis.
- A reincidencia, pola comisión no prazo dun ano de máis dunha infracción grave cando así se teña declarado por resolución firme en vía administrativa.

4. Son infraccións graves:

- Realizar os traballos forestais sen ter presentado o escrito de comunicación previa, aínda que o achegue despois de ser requirido polo Concello.
- Realizar os traballos forestais sen presentar a comunicación previa coa antelación prevista no artigo 5.1 desta Ordenanza, se aquela se presentou co incumprimento dos requisitos previstos no artigo 5.2, aínda que se emendase despois de ser requirido polo Concello.
- Deixar as vías municipais en deficiente estado, sempre que non supoña unha situación de risco para a seguridade viaria, segundo o informe municipal emitido para o caso.
- Causar danos nas estradas, pistas, camiños ou noutros elementos do dominio público local por valor inferior a 6.000,00 €
- Non comunicar en prazo o remate dos traballos, sempre que o Concello constate que se causaron danos nas estradas, pistas, camiños ou noutros elementos do dominio público local por valor inferior a 6.000 euros.
- Non demoler ou non repor ao seu estado orixinal as ramplas ou accesos que se abran

para acceso aos terreos forestais.

- A reincidencia, pola comisión no prazo dun ano de máis dunha infracción leve cando así se teña declarado por resolución firme en vía administrativa.

5. Considéranse infraccións leves calquera outro incumprimento desta ordenanza que non estea cualificado como moi grave ou grave e cuxa sanción corresponda ao Concello.

Artigo 11.- Sancións

1. As infraccións desta ordenanza serán sancionadas coas seguintes multas:

- Infraccións leves: multa de ata 750,00 €
- Infraccións graves: multa de contía comprendida entre 750,01 e 1.500,00 €
- Infraccións moi graves: multa de contía entre 1.500,01 € e 3.000,00 €

2. A tramitación do procedemento sancionador, non previsto nesta ordenanza, rexerese pola normativa xeral na materia e, en todo caso, coa audiencia e demais garantías procesuais para a persoa interesada.

3. O importe das multas será graduado tendo en conta as circunstancias concorrentes e de acordo co establecido na normativa vixente.

4. As multas e sancións impostas ao amparo da presente ordenanza reduciranse na súa contía nun 50% no caso de seren aboadas no prazo de 15 días a partir da notificación da multa ou sanción, e se a persoa infractora mostra por escrito a súa conformidade con estas, e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no citado prazo.

5. O pagamento das multas poderase esixir pola vía administrativa de constrinximento, sen prexuízo das correspondentes responsabilidades de calquera outra índole, tanto administrativas como civís ou penais en que puidese incurrir.

6. As sancións serán independentes da reparación do dano causado e da indemnización de danos e perdas a que houber lugar.

7. A resolución do expediente sancionador corresponderá á Alcaldía.

Artigo 12.- (Suprimido)

DISPOSICIÓN DERRADEIRAS (Suprimidas)

1. A presente ordenanza entrará en vigor logo dun mes dende a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

2. A Alcaldía queda facultada para ditar cantas ordes ou instrucións resulten necesarias para a adecuada interpretación, desenvolvemento e aplicación desta ordenanza.

ANEXOS

ANEXO I: SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NO REXISTRO DE EMPRESAS MADEIREIRAS DO CONCELLO DE NEDA

ANEXO II: MODELO DE COMUNICACIÓN PREVIA DAS OPERACIÓNS DE

CORTA E SACA DE MADEIRA

ANEXO I

SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DE EMPRESAS MADEIREIRAS DO CONCELLO DE NEDA

Datos da empresa madeireira	
Denominación	
NIF	
Enderezo	
Teléfono	
Correo electrónico	
Persoas de contacto	

A empresa dicha solicita a súa inclusión no REXISTRO DE EMPRESAS MADEIREIRAS DO CONCELLO DE NEDA

Neda, de de 20.....

Asdo.

Nome:

Representante da empresa

ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE NEDA

ANEXO II

COMUNICACIÓN PREVIA PARA ACTIVIDADE DE DEPÓSITO, CARGA E TRANSPORTE DA MADEIRA PROCEDENTE DA CORTA FORESTAL

Datos da empresa madeireira	
Denominación	
NIF	
Enderezo postal	
Enderezo electrónico	

Teléfono	
Nome da persoa encargada	
Datos de quen vaia a facer os traballos (por exemplo, de ser o caso, o subcontratista)	
Vehículos que se van a utilizar (marca, modelo, matrícula e peso máximo autorizado)	

Datos da propiedade forestal		
Especie de madeira obxecto da corta		
Volume aproximado total da madeira a extraer (m ³)		
Nome das fincas ou montes afectados, lugar ou sitio e parroquia		
Identificacións catastrais	Polígono: • • •	Parcela/s: • • •
Identificación da última vía pública pola que se vai acceder ás parcelas		
Datos do aproveitamento forestal		
Data prevista de inicio		
Data prevista de remate		
Lugar onde se depositará a madeira		

En aplicación da Ordenanza reguladora das actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais do Concello de Neda, comunico o inicio de actividades forestais nas parcelas indicadas previamente.

Documentación que achega (marque o que corresponda):

- Fotocopia compulsada da comunicación previa, declaración responsable, solicitude ou do permiso, autorización ou licenza de corta
- Fotocopia compulsada do seguro de responsabilidade civil ou calquera outro similar
- Fotocopia compulsada do último recibo pagado do seguro de responsabilidade civil
- Non posúe ningún seguro de responsabilidade civil
- Fotocopia compulsada da fianza ou aval bancario

O INTERESADO DECLARA COÑECER A OBRIGA PREVISTA NO ART. 8 BIS DA ORDENANZA REGULADORA, DE COMUNICAR AO CONCELLO O REMATE DOS TRABALLOS NUN PRAZO MÁXIMO DE 7 (SETE) DÍAS NATURAIS CONTADOS DENDE QUE OS TERMINE.

Neda, __ de _____ de 201__.

Asdo.

ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE NEDA.-

DEBATE: ficheiro resultante da gravación audiovisual da sesión.

9º.- MOCIÓN DO BNG SOBRE AS MOBILIZACIÓNS FEMINISTAS DO 8 DE MARZO

A Concelleira do BNG defende a moción, do seguinte tenor literal:

“Exposición de motivos:

Este 8 de marzo de 2021 as mulleres facemos folga en Galiza porque se algo demostrou a pandemia da covid-19 e esta crise sen precedentes é a importancia da nosa forza para soster o presente, pero tamén a profunda desigualdade do sistema económico e social, que debe ser contestado e transformado a través da mobilización e do feminismo.

A pandemia fixo visíbel o papel esencial das mulleres para o sostemento da vida e aqueles traballos esenciais para a sociedade. Estes empregos están ocupados maioritariamente por

mulleres e son, ademais, os máis precarios e invisibilizados, moitos deles mesmo sen cobertura legal. As caixeiras, as limpadoras, as traballadoras domésticas, as coidadoras de diferentes ámbitos, as sanitarias, etc. foron visíbeis no comezo desta crise e aparentemente recoñecidas social e institucionalmente. Porén, un ano despois as súas condicións laborais, económicas e sociais non melloraron, senón ao contrario. Hoxe estes sectores sofren un maior impacto pola precariedade das súas condicións, a carencia dun sistema público de servizos básicos forte e a falta de medidas por parte da Xunta e do goberno central, que se poñen de perfil aliñándose cun sistema patriarcal e inxusto.

A crise da covid-19 deixou en Galiza unha destrución de 21.000 empregos dos que 15.900 estaban ocupados por mulleres. Así mesmo, a fenda salarial malia ser ilegal continúa a superar o 20% e ten tamén o seu correlato na fenda das pensións, cobrando as pensionistas galegas unha media de 300 euros menos. Unha situación agravada por esta crise, que continuará empeorando de non tomarse medidas contundentes encamiñadas a que a reactivación económica e social non se desenvolva a costa das mulleres, un camiño para o que é imprescindible a dignificación do marco laboral coa derogación total das reformas laborais de 2010 e 2012 e das reformas das pensións de 2011 e 2013.

Na Galiza pre-covid de hai un ano o feminismo galego tomaba as rúas baixo o lema “sen coidados non hai vida” e a pandemia demostrou o seu acerto. Porén, un ano despois a situación non mellorou e hoxe son máis as mulleres precarizadas e as que tiveron que asumir de balde traballos de coidado que deberan estar cubertos polos servizos públicos. A actual crise ten un impacto enorme en sectores amplamente feminizados (coidados, servizos, comercio, sanidade, alimentación...) e foron os sectores protagonizados por mulleres os que máis riscos asumiron respecto da súa propia saúde pola falta de medidas. Así mesmo, a violencia contra as mulleres segue presente e hai un enorme retroceso na súa visibilidade, ademais de enormes dificultades para romper coa espiral de violencia derivadas das restricións sanitarias e das dificultades para acceder a servizos e ter contacto social.

O feminismo galego impulsou no noso país unha resposta social sen precedentes que inzou as rúas os 8 de marzo dos anos anteriores, precedidas de históricas mobilizacións nacionais en Verín, Lugo, Vigo e Santiago de Compostela desde que no ano 2017 se fixeron as primeiras convocatorias de apoio á folga internacional, emanada de Latinoamérica. Neste 2021, por circunstancias sanitarias, as mobilizacións serán necesariamente locais ou comarcais e máis reducidas, pero coa mesma fortaleza e contundencia. Por estes motivos, desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que corresponde ás institucións escoitar e recoñecer os debates que o feminismo galego está a colocar na axenda social e comprometer os nosos esforzos en corrixir as desigualdades que se agravan na Galiza de 2021.

Cómpre dar unha forte resposta a esta situación. Non podemos permitir que a pandemia sexa a coartada para conxelar avances sociais nin para retroceder nos nosos dereitos. Esta crise non a imos pagar as mulleres. Hoxe, as que sostemos o presente imos saír ás rúas e facer folga para cambiar o futuro, para construír un futuro de igualdade, liberdade e

feminismo.

Por todo o exposto o Pleno do Concello de Neda

Acorda:

1) Expresar e recoñecer as convocatorias do feminismo galego autoorganizado que neste 2021 colocan no centro do debate os coidados e as consecuencias para as mulleres galegas do sistema económico, social e político no que vivimos, agravadas polo impacto da pandemia da covid-19 ,que demostrou como a vida non podería sosterse sen coidados que se desenvolven en moitas ocasións de forma gratuíta ou a través da precarización de moitas mulleres, e expresar o compromiso desta corporación para traballar contribuíndo a superar esta situación.

2) Demandar do goberno central o aumento dos recursos destinados á inspección laboral e a súa transferencia á Comunidade autónoma galega. E da Xunta de Galiza o impulso da creación dun corpo específico de inspección laboral que teña competencia para realizar inspeccións aleatorias para testar a existencia ou non de discriminacións por razón de xénero.

3) Instar á Xunta de Galiza a asumir as súas competencias en materia de atención á dependencia. Mentres tanto, e en canto estas competencias sexan exercidas nunha parte fundamental polos concellos galegos, incrementar nomeadamente o financiamento que achega ao sostemento do Servizo de Axuda no Fogar para cubrir o custe real da prestación do servizo así como a modificación da actual normativa para que as empresas que vulneren os dereitos laborais e salariais das traballadoras non poidan concorrer aos procesos de licitación”.

EMENDA DO GRUPO MUNICIPAL DO PP: Proponse engadir ao punto 1º da parte dispositiva da moción o seguinte:

“Recoñecer a todo o feminismo galego polo seu impulso e traballo en favor da igualdade real, non só nas convocatorias con motivo de datas significativas como as de o 8M, senón no seu labor durante todo o ano; así como a todas ases traballadoras, que dende os recursos especializados fan posible a mellora das condicións de vida de toda a sociedade galega en xeral, e das mulleres galegas e as súas familias en particular”.

VOTACIÓN DAS EMENDA: O Pleno, en votación ordinaria de por maioría absoluta rexeita á emenda presentada, con 2 votos a favor da súa incorporación dos Sres. Concelleiros do PP, e 11 votos en contra dos Sres. Concelleiros de PSdeG-PSOE, BNG e MOVENEDA.

VOTACIÓN DA MOCIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, presta aprobación á moción, con 11 votos a favor dos Sres. Concelleiros de PSdeG-PSOE, BNG e MOVENEDA e 2 votos en contra dos Sres. Concelleiros do PP.

DEBATE: ficheiro resultante da gravación audiovisual da sesión.

10º.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A TRANSFERENCIA DA AP9 A GALIZA

A Concelleira do BNG defende a moción, do seguinte tenor literal:

“Exposición de motivos:

A AP9, a autoestrada do atlántico, é a principal arteria de comunicación de Galiza, unha vía estratéxica que cruza o país de norte a sur, articulando un territorio no que se asenta máis do 70% da poboación e a meirande parte da actividade económica do país.

A pesar da súa importancia estratéxica, esta infraestrutura ten unhas tarifas desorbitadas que teñen que soportar a diario arredor de 22.000 galegos e galegas. Esta peaxe abusiva é un verdadeiro lastre para a economía das persoas e das empresas do noso país.

A historia da AP9 é a crónica dunha discriminación con Galiza, que nos ten custado miles de millóns de euros en peaxes.

Cómpre lembrar que a concesión desta autoestrada remataba en 2013, e que, se aínda temos que seguir pagando polo seu uso, é porque esta foi ampliada por parte dos distintos gobernos do Estado -dez anos polo goberno de Felipe González en 1994 e 25 anos por parte do goberno de José María Aznar en 2000-. A maiores, en 2003, o goberno de Aznar vendería co beneplácito da Xunta -da que era conselleiro de Ordenación do Territorio, o actual Presidente, Núñez Feijóo-, a autoestrada por un prezo ridículo.

Como consecuencia destas decisións políticas, hoxe Galiza conta non só cunha das autoestradas máis caras do Estado senón tamén coa concesión máis longa posíbel, 75 anos, até 2048. Así, mentres na Galiza pagamos as peaxes máis caras, a práctica totalidade das autoestradas do Estado ou son de balde ou o serán en breve. O que supón un forte impacto económico para as arcas de miles de traballadores e traballadoras e un lastre á competitividade das nosas empresas é, á súa vez, un suculento negocio para a empresa concesionaria, que en 2019 recadou 153 millóns de euros, uns 420.000 euros diarios.

A loita social e institucional para poñer fin a este abuso vén de lonxe. En abril de 2016, o Parlamento de Galiza aproba por unanimidade, a instancias do BNG, a Lei para a transferencia da AP9 a Galiza, que sería vetada pola Mesa do Congreso o 13 de decembro dese mesmo ano. O mesmo veto tería o novo proxecto de Lei impulsado polo BNG a comezos de 2017 e aprobado polo parlamento galego en maio de 2017.

Quedaba claro que se trataba dun veto político, disfrazado de razóns técnicas e

orxamentarias. E para deixalo máis evidente, ao tempo que se vetaba a transferencia e o rescate da AP9, o goberno do Estado aprobaba a principios do 2018 o rescate de 8 autoestradas de peaxe ruinosas, entre elas as radiais madrileñas. Unha decisión que tería un custo para as arcas do Estado de máis de 4.000 millóns de euros. Non había diñeiro público para rescatar a AP9, mais si o había para salvar ás construtoras e á banca que construíron e xestionaron autoestradas ruinosas.

Por fin, o 2 de febreiro do presente ano o Congreso aproba, por ampla maioría, a toma en consideración da Lei de Transferencia de Titularidade e Competencias da Autoestrada AP9.

Desde o BNG consideramos que a transferencia é un primeiro paso para acabar cunha discriminación histórica, e é necesario que se realice libre de cargas, que sexa rescatada polo Estado de igual maneira que se rescataron no seu día as radiais madrileñas.

Mentres a tramitación desta Lei non conclúa -algo que debería ter lugar no actual periodo de sesións-, é preciso que se efective canto antes a rebaixa das peaxes da AP9 e a gratuidade do treito Redondela-Vigo (POÑER SÓ NOS CONCELLOS AFECTADOS), comprometidos no acordo de investidura co BNG. Unhas rebaixas históricas só pendentes de efectivizarse, e para o que o goberno do Estado dispón de 54,9 millóns de euros nos orzamentos de 2021.

Por todo o exposto o Pleno do Concello

Acorda:

- 1- Instar á Mesa do Congreso e ás forzas políticas con representación nesa institución a aprobar definitivamente a lei de Transferencia da AP9 a Galiza no actual periodo de sesións.
- 2.- Instar ao Goberno do Estado a facer efectiva de xeito inmediato a rebaixa das peaxes da AP9”.

EMENDA DO GRUPO MUNICIPAL DO PP: Proponse engadir á parte dispositiva da moción o seguinte:

“O acordo relativo a “Instar á Mesa do Congreso e ás forzas políticas con representación nesta institución a aprobar definitivamente a lei de transferencia da AP-9 a Galicia no actual período de sesións” débese EMENDAR engadindo “...cos recursos necesarios para acometer as obras pendentes, manter as bonificacións comprometidas e garantir a súa axeitada xestión”.

VOTACIÓN DA EMENDA: O Pleno, en votación ordinaria de por maioría absoluta rexeita á emenda presentada, con 2 votos a favor da súa incorporación dos Sres. Concelleiros do PP, e 11 votos en contra dos Sres. Concelleiros de PSdeG-PSOE, BNG e MOVENEDA.

VOTACIÓN DA MOCIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, presta aprobación á moción, con 11 votos a favor dos Sres. Concelleiros de PSdeG-PSOE, BNG e MOVENEDA e 2 votos en contra dos Sres. Concelleiros do PP.

DEBATE: ficheiro resultante da gravación audiovisual da sesión.

11º.- MOCIÓN DE MOVENEDA PARA INSTAR AO PARLAMENTO DE GALICIA E AO GOBERNO GALEGO A MANTER E AMPLIAR AS GARANTÍAS LEXISLATIAS AMBIENTAIS, A TRANSPARENCIA E O ACCESO Á DOCUMENTACIÓN PÚBLICA DAS INICIATIVAS EMPRESARIAIS GALEGAS

O Concelleiro de MOVENEDA defende a moción, que trae causa dun escrito presentado perante o Concello por parte da “Coordinadora galega por un reparto xusto dos fondos europeos”, do seguinte tenor literal:

“Ao abeiro do regulamento orgánico municipal preséntase a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, anunciou a principios de novembro unha nova "**Lei de reactivación económica de Galicia**", argumentando a súa necesidade na procura dunha axilización dos trámites administrativos que ata o de agora veñen senda requiridos na creación de empresas e que, segundo afirma, implican certos obstáculos e solapamentos innecesarios, así como duplicidades legais e administrativas.

Chama a atención que fose o propio Feijóo, como presidente do goberno galego, quen impulsara con obxectivos ou fins similares, as actuais leis que agora semella considerar insatisfactorias.

A primeira delas foi a *Lei 9/2013 do emprendemento e da competitividade económica*, orixe de toda unha serie de normativas que apostan por facilitar a implantación de "calquera actividade con seguridade xurídica". Esta lei, chegou a ser modificada en catro ocasións.

Apenas tiveron que pasar dous anos para que se aprobara unha nova *Lei 1/2015 de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración*, coa que se colocaba o foco na axilización dos procedementos administrativos para que a "tramitación administrativa non fose un problema", tal e como expresaba o mesmo Feijóo cando insistía de novo na necesidade de ofrecer ás empresas unha maior "seguridade xurídica" para instalarse en Galicia.

E outros dous anos máis tarde, aínda sería preciso aprobar unha última *Lei 5/2017 de fomento da implantación de iniciativas empresariais*, amplamente criticada, e

popularmente coñecida como 'Lei de depredación de Galicia', coa que teimaba na procura da 'seguridade xurídica' e na constitución dun "marco normativo estable, predicible, integrado, claro e de certeza" para seguir apoiando ás empresas. Unha lei que, en menos de tres anos, precisou ser modificada en tres ocasións.

Malia as consistentes ansias lexislativas que pretenden garantir a tan anhelada "seguridade xurídica", co anuncio desta nova lei de 'reactivación', o goberno galego demostra non estar plenamente satisfeito, nin coa simplificación de trámites, nin coas facilidades concedidas ás empresas para instalarse no noso país. Tal é así, que o presidente volve esgrimir compulsiva e obstinadamente os mesmos argumentos, como a "diminución da xestión burocrática da Administración pública autonómica".

Tendo en conta os antecedentes do corpo lexislativo de Feijóo -e os efectos que teñen provocado no territorio galego-, non sorprende que o tecido asociativo veciñal, ambientalista e social sospeite das intencións que motivan ao goberno da Xunta e do Partido Popular a levar adiante a súa proposta. Por todo o país, esténdese a desconfianza cara un goberno que, coa súa lexislación, procurou amparar proxectos de megaminería ou permitir a instalación de vertedoiros en núcleos rurais habitados.

Numerosos colectivos de base consideran que o auténtico propósito da Xunta é o de restrinxir, e mesmo eliminar, o dereito de acceso á documentación pública sobre determinadas iniciativas empresariais, social e ambientalmente agresivas, que ao Partido Popular tanto lle gusta amparar, cando non incentivar. Témesse polo tanto, que a aplicación desta lei amplíe aínda máis a "barra libre" que en grande parte existe xa hoxe, facilitando o desenvolvemento de proxectos en espazos agora abandonados e desprotexidos, como canteiras, para seren transformados en vertedoiros, ou para reactivar explotacións mineiras capaces de apropiarse e de esgotar os recursos todos, causando graves prexuízos á sociedade e o territorio. Un medo xustificable no marco do escurantismo e a opacidade cos que a Xunta está a tratar a chegada dos fondos europeos de reconstrución a Galicia, como evidencia o anuncio de máis de 100 proxectos dos que pouco ou nada se ten informado. Resulta inevitable deducir que esta nova lei ven reforzar a mesma estratexia, para axustarse aínda máis 'á medida' dos intereses empresariais representados nestes proxectos.

Co pretexto da simplificación de trámites, semella que o presidente Feijóo trata de dar resposta ás esixencias das grandes corporacións antes que ás necesidades da poboación galega, como a saúde, a educación, ou mesmo un investimento empresarial rigoroso e efectivo. Baixo as habituais metáforas coas que bautizan as súas leis, disimulan intencións que, moitas veces, van xusto no sentido contrario ás estratexias da propia UE, como por exemplo no investimento verde, que en Galicia se sitúa claramente por baixo da media europea e do Estado. Tampouco resultan admisibles nin a opacidade que afecta á toma de decisións e aos criterios que se aplican no reparto, nin a ausencia do imprescindible debate público e informado, no que se deberían poder identificar os proxectos prioritarios para empregar eses fondos de reconstrución.

O xeito de camuflar os resultados das políticas de desenvolvemento económico non é novo. Porén, nin todo este armazón normativo, nin a propaganda da Xunta de Núñez Feijóo, son quen de ocultar a evidencia dos datos, que indican unha continua perda do peso económico de Galicia no conxunto do Estado. Fronte ao Norte de Portugal, continúan as deslocalizacións de empresas e a captación de capital estranxeiro non fai

máis que baixar. E todo isto non é máis que o resultado dunha política económica incapaz de aproveitar as potencialidades do país, que deixa fuxir valiosas oportunidades, e caracterízase polos recortes orzamentarios que destacan no ámbito do desenvolvemento económico, entre outros moitos, como se pode ver reflectido nos gráficos elaborados cos datos da propia administración galega.

Os colectivos e organizacións que apoiamos esta moción, entendemos que o pobo galego debe ser quen decida, da maneira máis plural e representativa, sobre a xestión e uso do seu patrimonio territorial, así como dos recursos financeiros dos que dispoña para activar a súa economía. Por iso, non podemos tolerar que o actual Goberno da Xunta, traizoando o mandado democrático que lle foi cedido pola cidadanía galega a través das urnas, e por un período de catro anos, hipoteque unha parte importante dese patrimonio territorial e desbalda os inxentes recursos financeiros Next Generation que virán para Galiza dende a Unión Europea, para beneficiar o negocio dunhas poucas empresas en detrimento do conxunto da cidadanía. Ben ao contrario, é a cidadanía a que debe dispoñer deses fondos para afrontar a recuperación dunha crise excepcional que ameaza os alicerces da nasa economía e dos nosos principais sectores produtivos, e tamén para prepararse adecuadamente perante os importantes desafíos que condicionarán a vida das xeracións futuras, como o cambio climático ou a inminente escaseza de petróleo e outros combustíbeis fósiles dos que a nosa sociedade é tan dependente.

Así pois, tendo en conta o anterior, solicítase aprobar o seguinte:

ACORDO:

• Instar ao Parlamento de Galicia a:

- Retirar a Lei de Simplificación Administrativa e Reactivación Económica tal e como está redactada, e redactar un novo texto de consenso entre os grupos políticos do Parlamento de Galicia que garanta o cumprimento de todas as garantías ambientais e de transparencia e acceso á información pública sobre calquera iniciativa empresarial ou doutro tipo e en todas as normativas lexislativas futuras que se aproben.
- Aprobar un novo marco normativo para unha transición enerxética xusta e democrática, no que sexa garantida a participación pública, a participación cidadá e a preservación dos valores paisaxísticos, ambientais, sociais e culturais do territorio.

• Instar á Xunta de Galicia a:

- Artellar fórmulas de participación para que a cidadanía á que se debe sexa quen decida que fai cos seus recursos territoriais e en que inviste os fondos Next Generation.
- Facer pública a composición do "comité de expertos" que lle asesora para o reparto dos fondos Next Generation, e amplialo de maneira que a súa composición sexa o máis representativa posíbel da sociedade galega, incluíndo, ademais de representantes do sector industrial, tamén os doutros sectores coma o pesqueiro,

o agrario, o forestal, as pemes, ONG's, e todos os colectivos e organizacións dos movementos sociais que o requiran.

- Procurar que os investimentos dos fondos Next Generation para a reactivación económica respondan a criterios reais de sustentabilidade económica, social e ambiental, e sexan postas ao servizo do ben común e non dunha élite económica.
- Facer pública a relación de propostas que van ser financiadas cos fondos de reconstrución europea e os seus expedientes, así como os criterios de selección das mesmas, e dar a posibilidade de sometelos a información e participación pública da cidadanía.

Dar conta deste acordo a todos os grupos con representación no Parlamento de Galicia así como ao tecido ambiental, social e veciñal do concello.

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, presta aprobación á moción, con 10 votos a favor dos Sres. Concelleiros de PSdeG-PSOE e MOVENEDA, e 3 votos en contra dos Sres. Concelleiros de PP e BNG.

DEBATE: ficheiro resultante da gravación audiovisual da sesión.

12º.- ROGOS E PREGUNTAS

Constan en ficheiro resultante da gravación audiovisual da sesión.

E non habendo máis asuntos que tratar na orde do día, polo Sr. Alcalde levántase a sesión cando son as catorce horas e doce minutos do día sinalado no encabezamento, de todo o cal esténdese a presente acta, do que eu, Secretario, dou fe e certifico.

O Alcalde

O Secretario Xeral